



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 29 de xullo de 2021 (1052/1102)**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font (on line)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (online)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (on line)  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, segundo orde do día convocada para as 9:00 horas, e por causa de incidencias técnicas de carácter informático (dilixencia asinada pola secretaria de Admon. Municipal fixada no Expte. 1052/1102, trámite 49), sendo as catorce horas do día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e a xefa do Servizo de Asesoramento da Asesoría Xurídica, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(650).- APROBACIÓN ACTAS:** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de xullo de 2021. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-Presidente.

**2(651).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE 1500 LICENCIAS ANTIVIRUS NOD32 PARA O PERIODO 2021-2026. EXPTE. 9599/113.**

Visto o informe xurídico do 16/07/2021, e o informe de fiscalización do 20/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 16/07/2021, asinado polo xefe do servizo

de Admón. Electrónica, a concelleira-delegada de área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- En data 02/06/2021 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para o Mantemento de 1500 licencias antivirus NOD32 2021-2026

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 02/06/2021 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 02/06/2021 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 03/06/2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 24/06/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 25/06/2021, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 29/06/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29/06/2021.

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11.07.2019, 05.09.2019 e 18.08.2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 02/06/2021 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto simplificado abreviado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Séptimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado ordinario coa finalidade de realizar a contratación para o Mantemento de 1500 licencias antivirus NOD32 2021-2026 coa seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 02/06/2021 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 02/06/2021 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 03/06/2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 24/06/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 25/06/2021, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 29/06/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29/06/2021.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **12.000,00 €**, que inclúe un IVE de **2.082,64 €** , dende o 1 de Setembro de 2021 , segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	concepto	partida	base	ive	total
2021	MANTEMENTO SOFTWARE	9207. 2279902	9.917,36 €	2.082,64 €	12.000,00 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**3(652).- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE CONCESIÓN: POSTO DENOMINADO B26 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 216/551.**

Visto o informe xurídico do 15/06/2021 e o informe de fiscalización do 08/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 14/06/2021, asinado polo xefe do servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Con data 21 de maio de 2021 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 210088343, Dna. Julia Quinteiro Quintas, con NIF \*\*\*7466>>, presenta comunicación para a regularización da documentación sobre a cesión do posto denominado BP01 (antigo B26) do Mercado do Progreso onde describe os feitos que acreditan a efectiva ampliación do referido posto.

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 2 de marzo de 2009 acordou

*“ **PRIMEIRO.-** Declarar extinguidos os contratos de arrendamento existentes no Mercado do Progreso e proceder a outorgar, en procedemento de libre concorrência, concesións de dominio público sobor dos postos, que serán hipotecables e terán as seguintes condicións (...).*

***SEGUNDO.-** Transformar os contratos de arrendamento vixentes para aqueles postos nos que se desenvolven actividades do que podemos chamar “servizo público de mercados” (bancadas de peixe, carnicerías, froiterías, cantina do Mercado, panadería e kiosco) en concesións administrativas polo tempo que lles restaría nos seus primitivos contratos de arrendamento e elo motivado pola necesidade de que o servizo non sexa temporalmente interrompido e pola confianza que os interesados poideran ter esperado da actuación administrativa.*

*A dita opción consiste, pois, en transformar, excepcionalmente, os arrendamentos en concesión polo tempo que lle restaría ós contratos, concesión que estaría suxeita ás condicións indicadas no apartado anterior. Excepcionalmente, neste prazo permitiríanse así mesmo os trasposos e traslados dos postos sen pago de haber algún por tal concepto.*

*Por outra banda, e toda vez que, amáis das xa executadas, prevese a realización de importantes obras no Mercado, os actuais usuarios dos postos e quen ocupe postos en virtude de autorizacións provisionais, así coma o usuario do supermercado, poderán ampliar a concesión ata un máximo de 40 anos, nas condicións indicadas no apartado anterior. As contías obtidas por este procedemento serán destinadas a investimentos no Mercado e o seu entorno, tramitando o Concello de Vigo os correspondentes expedientes e solicitando as axudas de outras Administracións ás que puidera optarse.*

**A)** *De conformidade co indicado, no prazo de dous meses dende a notificación individualizada de este acordo, os quen estean a utilizar efectivamente os postos do servizo público no Mercado do Progreso por calquera título e estean ó corrente nos pagamentos das cotas poderán optar por unha das seguintes opcións:*

*–Transformar o seu contrato de arrendamento ou traspaso nunha concesión administrativa polo tempo que reste ata a finalización do seu contrato orixinario, si este tivese fixado un prazo de finalización*

*–Ampliar o tempo de duración da concesión ata un máximo de 40 anos a contar dende a finalización do prazo de tres meses, mediante o abono dunha contía igual a unha cota mensual por cada ano ou fracción que se desexe ampliar, independente do canon mensual.*

*–Optar por adquirir un dereito sobor dos postos que ocupan en virtude dunha autorización provisional do Concello de Vigo mediante o abono dunha contía igual a unha cota e media mensual por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40, independente do canon mensual. Este réxime será o aplicable, igualmente, ó local destinado a supermercado, no que rexerán as mesmas condicións que actualmente.*

*As ditas opcións serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se remita xuntamente coa participación do presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:*

- ▣ Copia cotexada do NIF*
- ▣ Copia do actual contrato de arrendamento*
- ▣ Xustificante de ter efectuado o ingreso, nos prazos que se indican na presente, en caso de optar pola opcións b ou c*

*Os titulares dos postos que ó remate do prazo indicado non teñan optado por ningunha das opcións (transformación, ampliación ou constitución da concesión) perderán calquera dereito sobor dos postos (...)*

**SEGUNDO.-** *Pola súa banda, o 22 de xuño de 2009, a Xunta de Goberno Local acordou: “PRIMEIRO.- Comunicar ós usuarios dos postos do Mercado do Progreso que o prazo para optar á transformación dos seus contratos e autorizacións por unha concesión de dominio vence o 30 de xuño de 2009.*

*SEGUNDO.- Comunicarlles que, no caso de que a realización de obras implique a desaparición de postos de venda, as concesións de dominio que, no seu caso, lles sexan outorgadas, serán mantidas ós que resulten adxudicatarios dos postos segundo os criterios que se citan a continuación, quedando resoltas as restantes:*

*En primeiro lugar serían adxudicados a aqueles usuarios que, de resultas do procedemento que estamos a seguir, teñan optado por unha concesión a 40 anos.*

*Se non fosen suficientes os postos para o dito grupo, reduciríanse os postos dos que tiveran máis de un.*

*En caso de persistir a insuficiencia, reduciríanse aqueles que non se tiveran comprometido a abrir en horario de mañá e tarde*

*Se incluso así resultasen insuficientes, terían preferencia os usuarios con maior antigüidade no Mercado do Progreso sobor dos de menos*

*De persistir a igualdade, realizaríase un sorteo*

*Se resultasen suficientes os postos para aqueles que tivesen solicitado a concesión a 40 anos, procederíase a adxudicar por orde decrecente de anos de concesión ata que resultasen cubertos os postos. No caso de empate, utilizaríanse os demais criterios indicados*



## Concello de Vigo

*Ós usuarios que resultasen excluídos segundo as normas de este apartado, lles serán devoltas as cantidades que, en concepto do indicado no presente artigo tivesen entregado e, de se-lo caso, a indemnización de dúas mensualidades da táboa que consta no apartado SEGUNDO por cada ano completo que lles restase polo seu contrato de arrendamento. “*

**TERCEIRO.-** Notificados os anteriores acordos e no prazo concedido ao efecto, Dna. Julia Quinteiro Quintas comunicou a súa intención de non ampliar a súa concesión, indicando que só a mantería ata o prazo de vencemento da actual.

A tal fin, e con data 14 de setembro de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou outorgar unha concesión de dominio por un prazo de 10 anos a contar dende o día 1 de outubro de 2009 a Julia Quinteiro Quintas, con NIF **\*\*\*7466>>**, sobre o posto denominado B26, *suxeita ás seguintes condicións:*

- ▣ *“O canon mensual inicial é de 90,62 euros, que poderá ser incrementado en ata un 40% pola entidade que asuma en virtude de calqueira tipo de acordo có Concello de Vigo a xestión do Mercado do Progreso. O dito canon actualizaráse anualmente á porcentaxe do IPC e é independente do importe que se indica no apartado seguinte.*
- ▣ *Asimesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderánse incrementar e/ou redistribuir os cánones mensuais.*
- ▣ *Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.*
- ▣ *Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope baleiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidade que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión. Non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve alomenos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que coma consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicacións, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso e exclusivamente esta indemnización efectuarase por un só posto.*
- ▣ *De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto.*
- ▣ *Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*
- ▣ *Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sin actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sin dereito a indemnización*

1. *Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto.*

- *Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable”.*

**CUARTO.-** Conforme á documentación que se achega ao expediente, con data 9 de outubro de 2009 Dna Julia Quinteiro Quintas comparece ante o técnico municipal responsable do Departamento de Mercados (vogal do Tribunal Económico Administrativo) e presenta escrito no que indica que cometeu un erro de transcripción do escrito presentando con anterioridade cando sinalou que non ampliaba a concesión do posto a 40 anos xa que en realidade quería manifestar todo o contrario. En base ao exposto, solicita que se lle teña en conta o referido escrito á hora de asumir as obrigas económicas correspondentes e que se conceda á ampliación.

**QUINTO.-** Con data 30 de outubro de 2013 Dna Julia Quinteiro Quintas presentou escrito no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 130126919, no que reiteraba a súa intención de ampliar a concesión, facéndose cargo da débeda correspondente ao período sinalado.

**SEXTO.-** Conforme á proposta conxunta de resolución de data 14 de abril 2014 á Xunta de Goberno, asinada pola Directora de Ingresos, o Tesoureiro Municipal e o Xefe de Servizo de Mercados co conforme do concelleiro Delegado da Área de Mercados, e constatado probado xa nese intre que a persoa interesada tiña solicitado en prazo a ampliación da concesión ao período máximo de 40 anos, propúxose sen conseguir acordo final ao respecto:

*“SEGUNDO.- Ampliar a concesión á persoa interesada ata o 30/09/2049 sobor do posto que se cita ou aquél que o substitúa de acordo co título polo que se lle otorgou a mesma”*

**SÈTIMO.-** Con motivo das obras de reforma do mercado do Progreso, e conforme as bases do sorteo dos novos postos do mercado (aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 27/02/2015), acordouse na sesión do 13 de marzo de 2015 da Xunta de Goberno Local:

*“Adxudicar en exped 216/551 a Julia Quinteiro Quintas NIF \*\*\*7466>> o posto tipo Bancada peixe referenciado no plano incorporado ó expediente coma BP01, cunha cota mensual para o ano 2015 de 235,00 €. Dita adxudicación, de conformidade cós términos polos que foron outorgadas as concesións, queda condicionada ó aboamento das cantidades pendentes de pago e á atención dos gastos ós que se refiren os citados acordos polos que foron outorgadas no seu día as concesións. Ditas cantidades e gastos serán obxecto de acordo independente da Xunta de Goberno Local e só serán recurribles trala notificación do citado acordo expreso, non admitíndose neste intre recurso algún sobor de cantidades ou gastos pendentes”.*

**OITAVO.-** Con data 12 de febreiro de 2016 a Xunta de Goberno Local aprobou:

*“PRIMEIRO.- Requerir a Julia Quinteiro Quintas con NIF \*\*\*7466>> o ingreso de 2718,6 euros pendentes de ingreso correspondentes á concesión de dominio sobor do posto B26 Bancada peixe do Mercado do Progreso outorgada pola Xunta de Goberno Local.*





## Concello de Vigo

*SEGUNDO.- Remitir o presente ó sevizo competente a fin de que se emitan os correspondentes instrumentos cobratorios, os cales poderán ser fraccionados á solicitude dos interesados de conformidade coa Ordenanza Fiscal Xeral vixente, servindo a estes efectos de garantía do pagamento a propia concesión sobre o posto.*

*TERCEIRO.- Unha vez efectuado o pagamento, a condición se entenderá cumprida e a concesión se entenderá outorgada a tódolos efectos.*

**NOVENO.-** Obra no expediente o pago do importe citado no apartado anterior, máis intereses de demora, por importe total de 2.721,67 euros (referencia carta de pago 0177015937 95). Así mesmo, achégase ao expediente certificación da tesourería conforme Dna. Julia Quinteiro Quintas non tén débedas con esta administración.

### FEITOS PROBADOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** Constátase probado no expediente que a persoa interesada tiña solicitado en prazo a ampliación da concesión polo período máximo de 40 anos a contar desde o día 1 de outubro de 2009, cuestión esta recollida e igualmente recoñecida no informe proposta asinado dixitalmente pola directora de ingresos, o tesoureiro municipal, o xefe do Servizo de Mercados (por encomenda o xefe do Servizo de Limpeza) e o concelleiro delegado da Área de Mercados con data 11 de febreiro de 2014.

**SEGUNDO.-** Constatado o pagamento da cantidade de 2.718,6 € enténdese cumprida a condición imposta por acordo da Xunta de Goberno de data 12.02.2016 e, en consecuencia, procede ditar resolución (artigo 21 en relación artigo 24.3.a) da Lei 39/2015, do 2 de outubro) estimando de ampliación concesión solicitada por Julia Quinteiro"

**TERCEIRO.-** Conforme ao establecido polo art. 24 e ss da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo e tendo en conta vencemento do prazo máximo establecido sin adopción de resolución expresa, em consecuencia operando o silencio administrativo desestimatorio da pretensión, non exime a Administración do cumprimento da obriga legal de resolver.

Tras o exame dos feitos e fundamentos de dereitos subliñados, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral aos efectos oportunos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Regularizar a concesión administrativa de dominio a Dna. Julia Quinteiro Quintas, con NIF \*\*\*7466>>, sobre o posto denominado BP01 (antigo B26) e outorgar a concesión ata a data de remate da cesión de dominio do 30 de setembro de 2049 .

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo a Dna. Julia Quinteiro Quintas e á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(653).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BEMBRIVE . EXPTE. 25103/332.**

Visto o informe de fiscalización do 23/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación:

**11.- Propostas de adxudicación**

**b) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación urgente dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcóns técnicas (e anexos) de 20/04/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 21/04/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive, por procedemento aberto.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.377.534,16 euros (125.230,40 € na anualidade de 2021; 344.383,54 € nas anualidades 2022, 2023 e 2024; e 219.153,14 € na anualidade de 2025), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para*



## Concello de Vigo

a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Bembrive, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.15 (“EIM Bembrive”), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de xuño de 2021, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:

1. MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L.
2. PROMOCION DE LA FORMACION LAS PALMAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	93,13
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	88,50
3	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	83,61
4	FUNDACIÓN ESTUDOS E ANÁLISES	78,11
5	KOALA, S.A.	70,91
6	EULEN, S.A.	58,04

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o día 15 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 8 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 9 e 21 de xuño de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o procedemento aberto do servizo do servizo da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (expediente 25.103-332) coas seguintes condicións por un prezo total de 1.377.534,16 euros, estando exento de IVE, e unha porcentaxe de desconto do 10,09 % a aplicar aos prezos unitarios unitarios relacionados no apartado 3.G das FEC, e as seguintes condicións.*

- *Propón un incremento das horas de adicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-) de 15 horas/semana.*



**Concello de Vigo**

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(654).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV". EXPTE. 804/441.**

Visto o informe de fiscalización do 23/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación:

**11.- Propostas de adxudicación**

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino Fase IV" (804-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino Fase IV"

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dña. M.ª Trinidad López Rodríguez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 17.03.2021.*

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 277.685,95 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190085 "Human. Rúa G. Espino, 4º Fase", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	1.600.000,00 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino Fase IV" (804-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,01
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	95,16
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,57
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,43
5	UTE SERANCO S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	93,10
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,65
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COV-SA)	90,40
8	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	58,35

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



**Concello de Vigo**

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 2 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 17 e 25 de xuño de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino Fase IV” (804-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 1.198.080 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 207.931,24 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(655).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN". EXPTE. 623/441.**

Visto o informe de fiscalización do 23/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/2021, emitido pola Mesa de Contratación:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

##### **d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" (623-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" (623-441)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DA RÚA MARÍN" redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda e cun orzamento base de licitación máis IVE de 162.844,60 €.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 17/03/2021.*





## Concello de Vigo

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (162.844,60 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 28.262,29 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.60 (Asfaltado na rúa Marín), segundo a distribución de anualidades proposta.*

2021	162.844,60 €
TOTAL	162.844,60 €

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que presentase xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" (623-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	NAROM, S.L.	90,02
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	89,37
3	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	80,76

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L. (B-36.163.418), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM S.L., o día 2 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 de xullo, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2, 10 e 24 de xuño de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NAROM, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín” (623-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 123.517,62 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.436,94 euros.*”



**Concello de Vigo**

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(656).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL-LAVADORES". EXPTE. 639/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 23/07/2021, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 11 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 02/12/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E

SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 73.954,15 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.60 (Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	426.116,78 €
TOTAL	426.116,78 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de marzo de 2021 de LAPATIÁN, S.L. por non presentar o a proposición avaliable mediante fórmula esixida na cláusula 14.2C do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 20 de abril de 2021.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contra incendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (639-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	71,58
2	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	70,14
3	CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.	59,10



## Concello de Vigo

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. (B-94.075.207), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L., o día 26 de abril de 2021, que presenta a documentación requirida o 7 de maio, dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación a Mesa acordou, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para que puidese emendar a acreditación da solvencia, tanto técnica como económica. O citado acordo foi notificado ao licitador con data do 18 de maio de 2021.

Dentro do prazo concedido o licitador non presentou documentación ningunha, polo que de acordo co previsto no artigo 150.2 da LCSP, enténdese retirada a oferta e procede solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar.

Á vista das actuacións a Mesa de Contratación, en data 24 de maio acordou requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., a citada documentación.

**Cuarto.-** ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., presentou o 7 de xuño de 2021, dentro do prazo concedido, a documentación. Logo da súa cualificación a Mesa, na sesión do 10 de xuño, acorda concederlle un prazo de tres días a para que poida emendar a acreditación da solvencia técnica.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión de 17 de xuño de 2021 considera que o ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. non cumprimentou adecuadamente o requirimento no prazo concedido, polo que entende retirada a súa oferta e acorda requirir a mesma documentación ao licitador clasificado en terceiro lugar, CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U. (B-27.812.361). En data 23 de xuño de 2021 se lles notificou este acordo e o 7 de xullo de 2021, o licitador presentou a documentación. A Mesa, na sesión de 9 de xullo, tras revisar a documentación, acordou concederlle un prazo de tres días para emendar a documentación presentada, que a presenta o 15 de xullo.

**Sexto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xullo de 2021 revisou a documentación presentada, que non é correcta, polo que de acordo co previsto no artigo 150.2 da LCSP, enténdese retirada a oferta e non hai máis licitadores clasificados, polo que procede declarar deserto o expediente.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que ningún dos licitadores clasificados neste procedemento presentou correctamente a documentación requirida para resultar adxudicatario, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (639-441) por canto ningún dos licitadores clasificados por resolución da concelleira delegada de Contratación de 23 de abril de 2021 presentou correctamente a documentación requirida para resultar adxudicatario dentro do prazo concedido para o efecto”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(657).- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 41785/444.**

Visto o informe xurídico do 09/07/2021 e o informe de fiscalización do 21/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2021, asinado pola xefe de Electromecánicos e Aforro Enerxético, polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES:**

- 1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro do 2018, acordou, "Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (41.785-444)".
- 2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 26/02/2018, e consta na Cláusula cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos, contado a partir do 1 de marzo de 2018, estando previstas dúas prórrogas de un ano cada unha.
- 3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, acordou " Aprobar a prórroga dun ano de duración do contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444), formalizado coa entidade mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. polo período dun ano, comprendido dende o 1 de marzo de 2020 ata o 28 de febreiro de 2021."



## Concello de Vigo

4.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 19 de febreiro de 2021, acordou “ Aprobar a prórroga dun ano de duración do contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444), formalizado coa entidade mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. polo período dun ano, comprendido dende o 1 de marzo de 2021 ata o 28 de febreiro de 2022.”

5.- O contrato finaliza o 28 de febreiro de 2022 sen posibilidade de mais prórrogas.

6.- O día 1 de xuño 2021 entra en vigor a *Circular 3/2020, de 15 de enero, de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, por la que se establece la metodología para el cálculo de los peajes de transporte y distribución de electricidad*, na que se modifican as tarifas e calendarios de aplicación, así como a modificación das peaxes de acceso e a incorporación do termo de cargos do sistema, abre un período de adaptación que tal e como define a propia normativa será de 12 meses, nos que de maneira paulatina iranse incorporando outras modificacións definidas na norma. A futura modificación dos excesos de potencia ou a penalización por enerxía reactiva capacitiva, entrarán en vigor polo menos a partir do 01 de xaneiro de 2022.

7.- Con data 09/06/2021, a empresa adjudicataria do citado contrato presenta por rexistro unha comunicación das modificacións que afectan ás tarifas contratadas do subministro de enerxía eléctrica, informando dos principais impactos da norma, que afectan a conversión de tarifas, adaptación das potencias contratadas e modificación de custes regulados, indicado na táboa seguinte a modo de resumo:

Actual	Nueva tarifa	Nueva Potencia Contratada					
		P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.XA/DHA/DHS	2.0 TD	P1	P1				
3.0A	3.0 TD	P1	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2,P3)
3.1A	6.1 TD/6.2TD	P1	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2,P3)
6.X	6.XTD	P1	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2,P3)

PRECIOS ANTIGUOS VÁLIDOS HASTA EL 31/05/2021

Peaje Ant.Contr	Fecha Fin Contrato	Precio P1 c€/kwh Ant	Precio P2 c€/kwh Ant	Precio P3 c€/kwh Ant	Precio P4 c€/kwh Ant	Precio P5 c€/kwh Ant	Precio P6 c€/kwh Ant
3.0A	28/02/2022	10,5768	9,1396	6,8183			
6.1A	28/02/2022	10,9524	9,8126	8,2378	7,4256	6,9979	6,2902
2.0A	28/02/2022	12,1854					
2.0DHA	28/02/2022	14,2935	6,9229				
2.1A	28/02/2022	13,5188					
2.1DHA	28/02/2022	15,5407	8,0133				
3.1A	28/02/2022	9,2274	8,5389	6,69			

PRECIOS NUEVOS DESDE EL 01/06/2021

Peaje Nuevo Contr	Fecha Fin Contrato	Precio P1 c€/kwh Nue	Precio P2 c€/kwh Nue	Precio P3 c€/kwh Nue	Precio P4 c€/kwh Nue	Precio P5 c€/kwh Nue	Precio P6 c€/kwh Nue
3.0TD	28/02/2022	15,5022	13,5168	10,7176	9,2348	8,0566	7,3534
6.1TD	28/02/2022	12,7546	11,2135	8,9617	7,8076	6,8151	6,3767
2.0TD	28/02/2022	20,7024	11,3674	7,8598	0	0	0
2.0TD	28/02/2022	20,8355	11,3019	7,5671	0	0	0
2.0TD	28/02/2022	20,7025	11,3675	7,8599	0	0	0
2.0TD	28/02/2022	20,8274	11,2941	7,5594	0	0	0
6.1TD	28/02/2022	12,1605	10,9207	9,1764	8,1914	7,2491	6,3965

## I.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E JURÍDICOS.

1.- De conformidade coa *Circular 3/2020, de 15 de enero, de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, por la que se establece la metodología para el cálculo de los peajes de transporte y distribución de electricidad*, se modifican as tarifas e calendarios de aplicación, así como a modificación das peaxes de acceso e a incorporación do termo de cargos do sistema.

2.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de novembro de 2017, establece expresamente **no apartado E) das FEC:**

- VARIACIONES DE PREZOS POR MOR DE CAMBIOS DE NORMATIVA

A variación dos prezos de facturación durante a vixencia do contrato procederá nos seguintes casos:

1. Que se producisen cambios nas tarifas de acceso reguladas, o imposto especial de electricidade ou o IVE.
2. Que xurdan novos custes regulados que a comercializadora adxudicataria teña que soportar ou se modifiquen os xa existentes.
3. A desaparición dalgún dos custes regulados existentes no momento da adxudicación do contrato.





## Concello de Vigo

No primeiro caso as variacións de prezo serán aplicadas directamente pola comercializadora adxudicataria nas facturas, dende a súa entrada en vigor.

Nos supostos 2 e 3, a variación dos prezos, á alza ou á baixa, será igual á variación dos custes regulados. Para a aplicación da mesma, o adxudicatario deberá solicitarlo por escrito presentando informe xustificativo dos novos prezos. O responsable do contrato, á vista do mesmo, deberá formular proposta ó órgano de contratación aceptando ou denegando motivadamente á solicitude.

A vista destas consideracións considérase conveniente propor a variación de prezos por mor de cambios de normativa do contrato do SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO, de acordo coa "Circular 3/2020, de 15 de enero, de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, por la que se establece la metodología para el cálculo de los peajes de transporte y distribución de electricidad".

3.- Na prórroga aprobada pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de febreiro de 2021, aplicase o gasto ás seguintes partidas orzamentarias, e segundo a seguinte distribución anual segundo as previsións iniciais realizadas:

Aplicación orzamentaria			2021	2022	Total
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	65.300,00 €	19.700,00 €	85.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.245.000,00 €	1.200.000,00 €	3.445.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	70.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	325.000,00 €	225.000,00 €	550.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	504.296,63 €	185.000,00 €	689.296,63 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	735.000,00 €	315.000,00 €	1.050.000,00 €
Total			3.928.896,63€	1.960.400,00 €	5.889.296,63 €

4.- Tras o análise da situación actual do contrato, e as previsións coas novas tarifas ata o final da prórroga resulta necesaria a modificación do RC a futuro para o ano 2022 según as seguintes previsións actualizadas:

Aplicación orzamentaria			2022
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	25.000,00 €

1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumado público	1.000.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	15.700,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	210.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	210.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	275.000,00 €
Total			1.735.700,00 €

Conclúese que no ano 2021 non se supera o importe máximo anual, considerando correcta a previsión. No ano 2022 considérase necesario axustar as previsións de gasto iniciais, derivadas da instalación de equipos led e sistemas de xestión enerxética no alumado público e en dependencias e centros municipais.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Primeiro.- Aceptar a solicitude de variación de prezos do contrato de “SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO” por mor de cambio de normativa presentada polo adxudicatario, de conformidade coa “Circular 3/2020, de 15 de enero, de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, por la que se establece la metodología para el cálculo de los peajes de transporte y distribución de electricidad”, e co informe das modificacións que afectan ás tarifas contratadas do subministro de enerxía eléctrica presentado polo adxudicatario, variacións indicadas **na táboa seguinte a modo de resumo:**

Actual	Nueva tarifa	Nueva Potencia Contratada					
		P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.XA/DHA/DHS	2.0 TD	P1	P1				
3.0A	3.0 TD	P1	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2,P3)
3.1A	6.1 TD/6.2TD	P1	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2,P3)
6.X	6.XTD	P1	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2)	MAX(P1,P2,P3)



## Concello de Vigo

### PRECIOS ANTIGUOS VÁLIDOS HASTA EL 31/05/2021

Peaje Ant.Contr	Fecha Fin Contrato	Precio P1 c€/kwh Ant	Precio P2 c€/kwh Ant	Precio P3 c€/kwh Ant	Precio P4 c€/kwh Ant	Precio P5 c€/kwh Ant	Precio P6 c€/kwh Ant
3.0A	28/02/2022	10,5768	9,1396	6,8183			
6.1A	28/02/2022	10,9524	9,8126	8,2378	7,4256	6,9979	6,2902
2.0A	28/02/2022	12,1854					
2.0DHA	28/02/2022	14,2935	6,9229				
2.1A	28/02/2022	13,5188					
2.1DHA	28/02/2022	15,5407	8,0133				
3.1A	28/02/2022	9,2274	8,5389	6,69			

### PRECIOS NUEVOS DESDE EL 01/06/2021

Peaje Nuevo Contr	Fecha Fin Contrato	Precio P1 c€/kwh Nue	Precio P2 c€/kwh Nue	Precio P3 c€/kwh Nue	Precio P4 c€/kwh Nue	Precio P5 c€/kwh Nue	Precio P6 c€/kwh Nue
3.0TD	28/02/2022	15,5022	13,5168	10,7176	9,2348	8,0566	7,3534
6.1TD	28/02/2022	12,7546	11,2135	8,9617	7,8076	6,8151	6,3767
2.0TD	28/02/2022	20,7024	11,3674	7,8598	0	0	0
2.0TD	28/02/2022	20,8355	11,3019	7,5671	0	0	0
2.0TD	28/02/2022	20,7025	11,3675	7,8599	0	0	0
2.0TD	28/02/2022	20,8274	11,2941	7,5594	0	0	0
6.1TD	28/02/2022	12,1605	10,9207	9,1764	8,1914	7,2491	6,3965

Segundo- Autorizar a modificación do RC a futuro para o ano 2022 do contrato de SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 41785/444) a favor da entidade mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. polo importe de un millón setecentos trinta e cinco mil setecentos euros (1.735.700,00 €), sendo o importe máximo do contrato cinco millóns oitocentos oitenta e nove mil douscentos noventa e seis euros con sesenta e tres céntimos (5.889.296,63 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de un millón vinte dous mil cento nove euros con trinta e tres céntimos (1.022.109,33 euros).

O gasto será de aplicación ás seguintes partidas orzamentarias, e segundo a seguinte distribución anual:

Aplicación orzamentaria			2022
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	25.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumado público	1.000.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	15.700,00 €

3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	210.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	210.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	275.000,00 €
Total			1.735.700,00 €

Terceiro.- Notificar á mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(658).- REÍNTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á AVCU DE BEADE, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2019. EXPTE. 18046/77.**

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2021, visto o informe do 07/04/2021, asinado pola xefa do servizo, polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, dáse conta do informe-proposta de data 24/06/2021, asinado pola técnico de xestión ( Instruccion do concelleiro de Cultura e Emprego de 10/06/2021), polo concelleiro de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).



## Concello de Vigo

- Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2019.

### **ANTECEDENTES**

Con data 27/12/2018, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2019. (expte. 16.049/77).

Con data 11/01/2019, publicouse no BOP, a convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2019, dando comezo ao prazo de presentación de solicitudes desde o 14/01/2019 ao 25/01/2019, ambos incluídos.

Con data do 24/01.2019 a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E CONSUMIDORES DE BEADE (G36632081) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2019 (expte. 16227/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 18/07/2019 acordou concederlle unha subvención por importe de 14.311,62 €

Con data do 14.10.2019 a entidade ASOC. BEADE achegou a través da sede electrónica e dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da subvención concedida (expediente 16801/77).

Examinada a dita documentación xustificativa, apreciase a realización das actividades contempladas no proxecto, sendo o montante total da subvención xustificada de 14.530,21 €.

Na xustificación da realización do citado proxecto, dita asociación presenta nóminas, TC1 e TC2, modelo 111 así como as súas correspondentes certificacións bancarias, memoria explicativa das accións realizadas.

Con data 08/03/2021, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro da subvención concedida a Asociación de Veciños de Beade (G36632081), dentro do programa de subvencións para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2019 (expte.16049/77).

### **ANTECEDENTES INFORME PROVISIONAL DE REVISIÓN DE CONTROL FINANCEIRO**

Con data 17 de outubro de 2019, a XGL, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de colaboración coa Intervención Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo.

Realizadas as actuacións de control, a auditora elaborou un informe de carácter provisional (achegábase informe), recomendando ó organo xestor o inicio de reintegro parcial da subvención percibida.

No devandito informe se indica que as retribucións extrasalariais “CTA. IND. CONV. CTOS. TEM.”, que figuran nas nóminas de todos os traballadores imputados ao proxecto incluídos na xustificación, non forman parte da base de cotización e non son subvencionables segundo o disposto na Base 3. 2ª b) da convocatoria, polo que, esta irregularidade determina a procedencia do reintegro parcial da axuda percibida por importe de 271,75 €.

De acordo co exposto, á vista das conclusións da auditora, e logo da xustificación final, resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL da subvención concedida o cal ascende a un importe de 271,75 € correspondente aos custes xustificadas pola beneficiaria que resultan ser non subvencionables conforme ás bases da convocatoria.

IMPORTE SUBVENCIÓN	IMPORTE XUSTIFICADO POLA BENEFICIARIA	IMPORTE CONSIDERADO CORRECTAMENTE XUSTIFICADO POLO AUDITOR	IMPORTE PROPOSTO COMO REINTEGRO A SOLICITAR Á BENEFICIARIA COMO CONSECUENCIA DE INCUMPRIMENTOS
<b>14.311,62 €</b>	<b>14.530,21 €</b>	<b>14.039,87 €</b>	<b>271,75 €</b>

Con data 22/06/2021, o servizo de Intervención fiscaliza o expediente favorablemente con observacións, sinalando que na resolución deberáse indicar ao beneficiario os prazos de pagamento segundo o establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

A vista do anterior se incorpora á proposta de resolución a indicación dos prazos de pagamento.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

As Bases reguladoras da convocatoria do ano 2019 de subvencións para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro, expediente 16049/77, establecen as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, entre as que se inclúen nomeadamente (Bases 7ª e 17ª) as de:

- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
- Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



**- Reintegro de subvencións:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co seguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Mediante orde de inicio de expediente 18046/77, asinada polo concelleiro delegado de Cultura e Emprego de data 08.03.2021, procedeuse ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E CONSUMIDORES DE BEADE (G36632081).

Mediante notificación co número de saída 10335 asinada pola xefa do servizo de data 08/03/2021, e recibida na data 09/03/2021 efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Con data 09-03-21 a entidade achega escrito (COD. SOLICITUDE: W527215-4927) manifestando que tras recibir a notificación en referencia a axuda de fomento de emprego para entidades de animo de lucro do 2019, no que se lles informa que teñen que reintegrar unha parte da subvención "271,75 ", solicitan que se lles envíe carta coa conta onde realizar o abono de dita cantidade.

Xa que logo, examinados os expedientes nº 16227/77 de solicitude da axuda, e o expediente nº 16792/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas ditas bases reguladoras da convocatoria e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que, logo da xustificación final, á vista do informe da auditoría resulta procedente propoñer o REINTEGRO PARCIAL da subvención outorgada á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E CONSUMIDORES DE BEADE por importe de **271,75 €**, e de **12,95 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na

vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	<b>15/01/2020</b>	Importe para o cálculo:	<b>271,75 €</b>
Data fin do cálculo:	<b>22/04/2021</b>	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

<b>Data Inicio</b>	<b>Data Vto.</b>	<b>Días período</b>	<b>Tipo (%)</b>	<b>Principal (€)</b>	<b>Xuros (€)</b>
<b>15/01/2020</b>	<b>22/04/2021</b>	464	3,75	271,75	12,95
<b>TOTAIS</b>					<b>284,70 €</b>

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Polo que respecta ao prazo para efectuar o aboamento das cantidades a reintegrar, de conformidade co disposto no art. 62.2 Lei 58/2003 xeral tributaria, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 de cada mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións





## Concello de Vigo

competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Requirir á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E CONSUMIDORES DE BEADE (G36632081) o reintegro parcial da cantidade de **284,70 €** que se corresponde co importe de **271,75 €** ao que se engaden **12,95 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago ata a data da adopción do presente acordo; de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvencións para fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2020 e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Dar conta a entidade do prazo para o aboamento das cantidades debidas en concepto de réintegro parcial da subvención, de xeito que, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 do mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

**TERCEIRO.-** Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(659).- REINTEGRO PARCIAL DA AXUDA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2019. EXPTE. 18047/77.**

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2021, visto o informe do 12/04/2021, asinado pola xefa do servizo, polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, dáse conta do informe-proposta de data 30/06/2021,

asinado pola técnico de xestión ( Instruccion do concelleiro de Cultura e Emprego de 10/06/2021), polo concelleiro de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2019.

### **ANTECEDENTES**

Con data 27/12/2018, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2019. (expte. 16.049/77).

Con data 11/01/2019, publicouse no BOP, a convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2019, dando comezo ao prazo de presentación de solicitudes desde o 14/01/2019 ao 25/01/2019, ambos incluídos.

Con data do 16/01/2019 a ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA (G36698686) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2019 (expte. 16162/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 18/07/2019 acordou concederlle unha subvención por importe de 8.213,62 €

Con data do 14.10.2019 a entidade AFCV ANDARELA achegou a través da sede electrónica e dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da subvención concedida (expediente 16784/77).

Examinada a dita documentación xustificativa, apreciase a realización das actividades contempladas no proxecto, sendo o montante total da subvención xustificada de 8.963,74 €.

Na xustificación da realización do citado proxecto, dita asociación presenta nóminas, TC1 e TC2, modelo 111 así como as súas correspondentes certificacións bancarias, memoria explicativa das accións realizadas.

Con data 08/03/2021, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación parcial e requirimento de reintegro da subvención concedida a ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA (G36698686) , dentro do programa de subvencións para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2019 (expte.16049/77).



**Concello de Vigo**

## **ANTECEDENTES INFORME PROVISIONAL DE REVISIÓN DE CONTROL FINANCEIRO**

Con data 17 de outubro de 2019, a XGL, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de colaboración coa Intervención Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoria no Concello de Vigo.

Realizadas as actuacións de control, a auditora elaborou un informe de carácter provisional (achegáse informe), recomendando ó organo xestor o inicio de réintegro parcial da subvención percibida.

No devandito informe se indica a inclusión na xustificación de gastos non elegibles como son as vacacións pagadas e non disfrutadas e a indemnización por despido, que non son subvencionables segundo o disposto na Base 3. 2ª a) y c) da convocatoria, polo que, esta irregularidade determina a procedencia do réintegro parcial da axuda percibida por importe de 218,59 €.

De acordo co exposto, á vista das conclusións da auditora, e logo da xustificación final, resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL da subvención concedida o cal ascende a un importe de 218,59 € correspondente aos custes xustificados pola beneficiaria que resultan ser non subvencionables conforme ás bases da convocatoria.

IMPORTE SUBVENCIÓN	IMPORTE XUSTIFICADO POLA BENEFICIARIA	IMPORTE CONSIDERADO CORRECTAMENTE XUSTIFICADO POLO AUDITOR	IMPORTE PROPOSTO COMO REINTEGRO A SOLICITAR Á BENEFICIARIA COMO CONSECUENCIA DE INCUMPRIMENTOS
<b>8.213,62 €</b>	<b>8.963,74 €</b>	<b>7.995,04 €</b>	<b>218,59 €</b>

Con data 24/06/2021, o servizo de Intervención fiscaliza o expediente favorablemente con observacións, sinalando que na resolución deberáselle indicar ao beneficiario os prazos de pagamento segundo o establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

A vista do anterior se incorpora á proposta de resolución a indicación dos prazos de pagamento.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

As Bases reguladoras da convocatoria do ano 2019 de subvencións para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro, expediente 16049/77, establecen as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, entre as que se inclúen nomeadamente (Bases 7ª e 17ª) as de:

- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.

- Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

#### - **Reintegro de subvencións:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Mediante orde de inicio de expediente 18047/77, asinada polo concelleiro delegado de Cultura e Emprego de data 08.03.2021, procedeuse ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada á ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA (G36698686).

Mediante notificación co número de saída 12050-2021-1 asinada pola xefa do servizo de data 17/03/2021, e recibida na data 23/03/2021 efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Con data 05-04-21 a entidade achega escrito (COD. SOLICITUDE: W534948-9922) manifestando que tras recibir a notificación en referencia a axuda de fomento de emprego para entidades de animo de lucro do 2019, no que se lles informa que teñen que reintegrar unha parte da subvención "218,59 ", confirman e solicitan que se lles envíe instrución para proceder o abono do importe solicitado.

Xa que logo, examinados os expedientes nº 16162/77 de solicitude da axuda, e o expediente nº 16784/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas ditas bases



## Concello de Vigo

reguladoras da convocatoria e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que, logo da xustificación final, á vista do informe da auditoría resulta procedente propoñer o REINTEGRO PARCIAL da subvención outorgada á ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA por importe de **218,59 €**, e de **13,54 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	<b>05/09/2019</b>	Importe para o cálculo:	<b>218,59 €</b>
Data fin do cálculo:	<b>29/04/2021</b>	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
<b>05/09/2019</b>	<b>29/04/2021</b>	603	3,75	218,59	13,54
<b>TOTAIS</b>					<b>232,13 €</b>

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Polo que respecta ao prazo para efectuar o aboamento das cantidades a reintegrar, de conformidade co disposto no art. 62.2 Lei 58/2003 xeral tributaria, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 de cada mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Requirir á ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA (G36698686) o reintegro parcial da cantidade de **232,13 €** que se corresponde co importe de **218,59 €** ao que se engaden **13,54 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago ata a data da adopción do presente acordo; de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvencións para fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2020 e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Dar conta a entidade do prazo para o aboamento das cantidades debidas en concepto de réintegro parcial da subvención, de xeito que, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 do mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

**TERCEIRO.-** Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(660).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA MINDTECH 2021. EXPTE. 18223/77.**

Visto o informe xurídico do 16/07/2021 e o informe de fiscalización do 23/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 02/07/2021, asinado pola técnico de xestión (



## Concello de Vigo

Instrucción do concelleiro de Cultura e Emprego de 10/06/2021), polo concelleiro de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I. No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os encamiñados á promoción da cultura, o apoio ás iniciativas de promoción turística e á promoción do emprego.

No devandito Protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

II. A “Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME)”, achega memoria, para a realización da primeira FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021”.

III. Nos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, consta creada a partida 2410 4700005 “FEIRA METAL\_MINDTECH”, da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

IV. En data 07/05/2021, o Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, dun convenio para o desenvolvemento da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021.

V.- A tal efecto, consta no expediente “*MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021*”, asinada pola técnica de administración xeral, co conforme do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación, para contribuir á financiación do desenvolvemento da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021, en execución das accións necesarias para o cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas en infraestruturas viarias e dotacionais, asinado o 20.11.2015, relacionados coa promoción do emprego e o apoio ás iniciativas de promoción turística.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo (LALG)

- Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (RLSG)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2021.

## **II.- Obxecto do convenio:**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 14,15 e 16 de setembro de 2021 da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021), na procura do cumprimento dos obxectivos que reflicte a memoria xustificativa encamiñados a acadar os obxectivos estratéxicos considerados no Protocolo de colaboración asinado, relacionados coa promoción do emprego e o apoio ás iniciativas de promoción turística.

## **III. Interese público a satisfacer e expresión das competencias implicadas:**

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explicitábase o título da competencia municipal no artigo 25.2.h) e i) da LRBRL, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, que atribúe aos concellos competencias en materia de promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras.

O convenio reflicte que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas





## Concello de Vigo

funcións. Á vista desta situación a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

As actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose nesta concellaría dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O concello de Vigo, como instrumentador de políticas de emprego, conta para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Pola súa banda, a vixente lexislación en materia de réxime local, encomenda no artigo 31 LRBRL ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no artigo 36 LRBRL como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

### **III. Convenio:**

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) dispoñen que os convenios constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

No que atinxe á Administración local, o artigo 57 LRBRL dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen.

Deste xeito, o artigo 194 da LALG establece que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas desenvolveráse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, dispoñendo o artigo 198 da LALG que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, coordinando así as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por

unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores. E o apartado 3 do citado artigo dispón que as deputacións provinciais poderán subscribir, con todos ou algún dos concellos da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e á maior eficacia na prestación destes.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

**- Contido e tramitación:**

O artigo 49 da LRXSP e o artigo 199 da LALG establecen o contido e especificacións que deberán conter os convenios.

O convenio a asinar estrutúrase nunha parte expositiva e outra dispositiva de once cláusulas. A parte expositiva dá conta das razóns de conveniencia e oportunidade que xustifican a sinatura do documento, e recolle as competencias das entidades asinantes, os antecedentes e os obxectivos que se queren acadar coa súa sinatura.

De xeito sucinto, a parte dispositiva do convenio regula o obxecto do pacto e o seu financiamento (cláusulas segunda e terceira), que se concreta no establecemento das bases para a colaboración técnica e económica entre a Deputación provincial e o Concello para a organización do evento, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da contratación ata a cantidade máxima de 100.000 € incluído o IVE, achegando 45.000 € a Deputación de Pontevedra e 55.000 € o Concello de Vigo. Recolle tamén os compromisos das partes asinantes (cláusulas cuarta e quinta) entre os que se regula o réxime de xustificación da subvención outorgada pola Deputación, a obriga da publicidade do convenio (cláusula sexta) e a compatibilidade con outras axudas e subvencións que poidan recibirse (cláusula sétima). O convenio reflicte tamén, a constitución dunha comisión de seguimento, entrada en vigor e vixencia, causas de extinción e mención ao réxime xurídico (cláusulas oitava a undécima).

O prazo de vixencia axústase ao previsto no art. 49.h) da Lei 40/2015.

Dacordo co exposto, o Concello de Vigo é concedente dunha subvención e actúa, tamén, como entidade colaboradora da subvención da Deputación provincial de Pontevedra, xa que, nos termos do artigo 12.1 da LXS, é a entidade que entrega e distribúe os fondos



## Concello de Vigo

públicos á beneficiaria. Unha vez asinado o convenio, o concello tramitará o correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME, CIF G36614774, titular da organización da citada Feira), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do convenio.

### **-Procedemento e competencia:**

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, por canto se refire ao establecemento da colaboración económica entre as entidades asinantes para a execución do proxecto.

Pola súa banda, a sinatura do documento corresponderá á Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do artigo 124.1 da LRBRL, que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en virtude das competencias delegadas a través das Resolucións de Delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do

Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.**- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021)*", transcrito no Anexo do presente expediente.

**Segundo.**- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do convenio que se anexa para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021)*".

**Terceiro.**- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Cuarto.**- Remitir o convenio unha vez asinado á Secretaría do Goberno Local, aos efectos de publicidade.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO**

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2021)"**

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.



**Concello de Vigo**

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

### **EXPOÑEN**

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os encamiñados á promoción do emprego e apoio ás iniciativas de promoción turística.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

III.- Que no apartado IV.4 do citado protocolo exponse que en materia de Promoción do emprego o Concello de Vigo, entre outros procedementos, potenciará a inserción laboral e a creación de emprego;

Así mesmo, no apartado IV.5 do citado Protocolo exponse que en materia de Turismo o Concello de Vigo desenvolverá actuacións para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e o seu entorno, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

Neste sentido a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 25.2.h) e i) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras, no que interesa ao presente convenio para fomento do emprego por mor do desenvolvemento da primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021 e cunha indubidable repercusión na promoción turística da cidade e das Rías Baixas.

IV.- Que a cidade de Vigo e o seu entorno, constituíse como unha das principais áreas de desenvolvemento das industrias do metal. Este sector destaca polo seu potencial para o desenvolvemento da nova industria 4.0 para o sector metalúrxico e industrial de Vigo e toda a provincia de Pontevedra.

Segundo o Informe do Sector Metalmecánico realizado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), entre as oportunidades para o sector en Galicia destacan: a posibilidade de alianzas estratéxicas, o crecemento das innovacións en tecnoloxías e a súa aplicación nos equipos produtivos e as plataformas de internacionalización cara a mercados exteriores.

O sector industrial e concretamente o sector metalúrxico, metalmecánico e a súas tecnoloxías asociadas representan máis do 23% del PIB de Galicia, englobando diversas actividades.

Á vista destes indicadores a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME", organiza a primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019, coma feira industrial referente no Polo Ibérico que se celebra en Vigo do 14 ao 16 setembro de 2021.

V.- Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e cara a promoción do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

A oportunidade da organización desta primeira "FERIA DO METAL" en Vigo, na cal participarán profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Utillaxes; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueles; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos; Construcións e Estruturas Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimientos; Calderería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc., ten unha gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que converte esta Feira nun gran escaparate para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.

En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas do sector do Metal e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

VI.- Que, dacordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos a promoción do emprego e o apoio ás iniciativas de cualificación da promoción turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 14,15 e 16 de setembro de 2021 da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021), na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:



## Concello de Vigo

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polo económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

### SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CEN MIL euros (100.000,00 €), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada dacordo co proxecto subvencionado achegado pola entidade. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.

.- A Deputación Provincial comprométese a achegar, a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 2019/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €).

O pago realizarase contra a aplicación 2410 4700005 "FEIRA METAL\_MINDTECH" do orzamento do Concello de Vigo.

### TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervintes terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	Entidade	TOTAL
2021	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	45.000,00 €
2021	CONCELLO DE VIGO	55.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>100.000,00 €</b>

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2021". Dita sociedade é a entidade organizadora de dita Feira, polo que é titular do dereito exclusivo vinculados a organización do evento.

3º.O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguemento do convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

#### **CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2021", tendo en conta a condición de entidade organizadora da dita Feira.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
  - Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2021".
    - memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
    - facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
    - conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
    - memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;





## Concello de Vigo

- certificación de pagamento a favor da "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2021", asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
  - calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
  - Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
  - Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
  - Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

### QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL euros, (45.000,00€) o que supón o 45,00 % do custe da actuación subvencionada, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

### SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

#### **OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa



**Concello de Vigo**

do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

#### **NOVENO.- VIXENCIA**

O convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do proxecto subvencionado ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 14, 15 e 16 de setembro de 2021, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2021.

#### **DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo  
Asdo.: Abel Caballero Álvarez

A Presidenta da Deputación de Pontevedra  
Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

S.ord. 29/07/2021

A Secretaria do Goberno Local do Concello  
de Vigo,  
Asdo.: M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña

O Secretario Xeral da Deputación de  
Pontevedra,  
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

**12(661).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXVII FESTIVAL FOLCLÓRICO. EXPTE. 8751/335.**

Visto o informe xurídico 08/07/2021 e o informe de fiscalización do 16/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 11/06/2021, asinado pola xefe en funcións do Servizo de Festas (R. 03/06/2021), polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá resolveu en data 8 de xuño de 2021 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Asociación Cultural Interfolc, para a organización do XXVII Festival Folclórico internacional Concello de Vigo.

O Festival Folclórico Internacional recolle unha serie de actuacións en barrios e parroquias da cidade de grupos de folclore que representan a cultura doutras rexións ou países. Este programa ten sido desenvolvido en todas as súas edicións anteriores pola Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación Cultural Interfolc está en condicións de organizar o XXVII Festival Folclórico Internacional, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do Festival se desenvolverá os días 22, 23, 24 e 25 de 2021, con 10 actuacións en barrios ou parroquias do termo municipal, encadrándose así mesmo dentro do programa "Vigo en Festas 2021".

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora



## Concello de Vigo

os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é fomentar, promocionar e achegar o folclore popular, nacional e internacional, á cidadanía.

O Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc veñen asinando dende o ano 1995 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación cultural Interfolc no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Festival Folclórico Internacional".

Este convenio, de carácter anual, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma

(contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 90.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica de 63.000,00 euros, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### **PROPOSTA:**

“1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc, CIF B-36.892.271, para a organización do XXVII Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 63.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación Cultural Interfolc, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0007 (Convenio FestivaFolclórico Internacional-Interfolc) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio económico.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**13(662).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA VENTE CON NÓS 2021. EXPTE. 8752/335.**

Visto o informe xurídico 08/07/2021 e o informe de fiscalización do 16/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 14/06/2021, asinado pola xefe en funcións do Servizo de Festas (R. 03/06/2021), polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu en data 8 de xuño de 2021 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” para o ano 2021.

O programa “Vente con Nós” desenvolve un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo, no que participan vintecatro grupos de música, danza e canto tradicionais galegos, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais.

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais (entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 386-85). A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios similares de colaboración coa finalidade de fomentar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como

colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, polo importe de 13.500,00 euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e Culturais para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Vente con Nós".

O importe do programa "Vente con Nós" ascende a 19.340,00 euros, correspondendo 12.480,00 euros ás corenta e cinco actuacións de grupos de música e danza, 2.500,00 euros a gastos de recursos humanos, 2.800,00 euros a recursos materiais e 1.560,00 euros a material de difusión. Achégase ao expediente o orzamento de gastos e ingresos.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

**PROPOSTA:**

1º.- Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, CIF B-36.791.291, para o desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2021.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0010 (Convenio Agrupación de centros culturais – Vente con Nós) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.





**14(663).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS”. EXPTE. 87033/250.**

Visto o informe xurídico do 16/07/2021 e o informe de fiscalización do 20/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 30/06/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.-** A execución de obras é unha das actividades do Taller de Vías e Obras baixo a competencia da Concellería de Fomento. Consecuencia destas obras, xéranse una serie de residuos entre os que se atopan os de construción e demolición que, como indica o preámbulo do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición (RCDs), teñen como consecuencia problemas de carácter medioambiental sen unha xestión correcta dos mesmos. Asemade, os RCDs son incompatibles co tratamento do resto dos residuos polo que deben tratarse por separado.

**2º.-** Pola súa banda, o devandito Real Decreto 105/2008 establece, no seu artigo 5.2, a obriga do posuidor de RCDs, cando non proceda xestionalos por si mesmo, de entregalos a un xestor de residuos autorizado.

**3º.-** Tendo en conta o anterior, e que o Concello de Vigo non ten a capacidade técnica nin os recursos humanos e materiais necesarios para levar a cabo a recollida e xestión dos RCDs das obras que leva a cabo a través do Taller de Vías e Obras, a Xunta de Goberno aprobou, en sesión ordinaria do 22/02/2018, a adxudicación da contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no Taller de Vías e Obras.

**4º.-** O devandito contrato, actualmente en vigor, ten unha duración de dous anos cunha única prórroga dun ano. Finalizado o contrato a 22/03/2020, a Xunta de Goberno Local aprobou a prórroga do mesmo en sesión de data 06/02/2020, polo que o contrato rematará o 22/03/2021. Por este motivo faise necesario proceder a preparar o expediente para a contratación dun novo contrato de servizos para a recollida, transporte, entrega ao xestor autorizado dos residuos procedentes de construción e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras.

**5º.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de datas 03 e 04/02/2021.
- B) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 04 e 05/02/2021.

- C) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 06/05/2021.
- D) Certificados de existencia de crédito (RC 202100049875 e RCFUT 202100049878) asinados polo Director Superior Contable en data 06/05/2021.
- E) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas en data 11/05/2021.
- F) Anuncio previo no Diario Oficial da Unión Europea de data 22/06/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 e 25/06/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29/06/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29/06/2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP, e incorpora o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.b establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de "RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNS E DEMOLICIÓNS XERADOS POLO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO".

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas en data 11/05/2021.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación de data 29/06/2021.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUSCENTOS MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (200.872,58 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 18.261,14 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", segundo a distribución de anualidades (IVE incluído) proposta.

2021	50.218,15 €
2022	100.436,29 €
2023	50.218,14 €

TOTAL	200.872,58 €
-------	--------------

Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(664).- PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA FILLAS/OS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9846/224.**

Visto o informe xurídico do 19/07/2021 e o informe de fiscalización do 20/07/2021, dáse conta do informe-proposta do 02/07/2021, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, pola concelleira de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2020, acordou adxudicar á entidade “Gabinete de Psicología Karma, S.L.P” con CIF B36847242 o procedemento aberto para a contratación do Programa de Atención Psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero por un prezo total do contrato de 14.648,40 € (contrato exento de IVE).

En data 14.07.2020 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 1 de outubro de 2020 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *“.../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato”*.

Co obxecto de propoñer a aprobación da primeira prórroga do contrato este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha primeira prórroga do contrato.



## Concello de Vigo

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 1 de outubro de 2021 ao 30 de setembro de 2022 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 14.648,40 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2022 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- período comprendido entre o 1 de outubro de 2021 ao 31 de decembro de 2021: 3.662,10 € a razón de 1.220,70 €/mes con cargo á partida *Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de setembro de 2022: 10.986,30 € (1.220,70 €/mes x 9 meses) con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2022 na partida *Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento da Concellería de Igualdade para o futuro exercicio 2022, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na devandita partida.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato do Programa de Atención Psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero, que abrangue desde o 1 de outubro de 2021 ao 30 de setembro de 2022, ambos incluídos, coa entidade Gabinete de Psicología Karma, S.L.P” con CIF- B36847242, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2020.

2º.- Aprobar o gasto de 14,648,40 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 3.662,10 € con cargo á partida *Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 10.986,30 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2022 na partida *Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento futuro da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido

nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(665).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SEGUNDA PRÓRROGA DE ESTANCIA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA CO NÚMERO E-638-C-6 INTEGRADA NA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE 10577/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 23/07/2021, asinado pola xefe do Servizo de Igualdade, pola asesora xurídica do servizo e pola concelleira de área, que di o seguinte:

O día 4 de decembro de 2020 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE: \*\*\*\* 9981\*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla e do seu fillo menores, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE: \*\*\*\* 9981\* e os seus fillos/as, a ocupasen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de decembro de 2020.

A proposta dos servizos municipais de atención á muller, a Xunta de Goberno Local en data 4 de xuño de 2021 acorda aprobar unha prórroga de estancia por un período de dous meses a contar desde o día 8 de xullo de 2021.

Desde o día 8 de xaneiro de 2021 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha traballadora social e unha psicóloga fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 23 de xullo de 2021 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar novamente a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a dous meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:



**Concello de Vigo**

“Autorizar unha segunda prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 por un período máximo de dous meses de duración a contar desde o día 8 de setembro de 2021 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10577/224.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(666).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE DOAZÓN DA PEZA “ARCÓN ARTÍSTICO” DO ESCULTOR XOSÉ LISTE. EXPTE. 7034/337.**

Visto o informe xurídico do 25/07/2021, dáse conta do informe-proposta asinado polo director do Museo, polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro de área, que di o seguinte:

Con data 27 de abril de 2021 \*\*\*3491\*\*, presenta escrito na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, polo que oferta en doazón ao Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León” un arcón decorativo de madeira, da autoría de Xosé Liste Naveira, datado arredor de 1945.

Acompañase a oferta de fotografías e informe de expertización realizado pola ofertante.

Con data 19 de maio dase traslado desta oferta desde a Tenencia de Alcaldía, onde se atopaba, á Concellería delegada de Cultura e Emprego procedéndose no museo á apertura do expediente 7034-337 para a súa resolución nos termos que proceda.

O Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego encomenda seguidamente á dirección do museo que proceda á inspección do ben obxecto de proposta de doazón e a emisión do correspondente informe valorativo.

Visto o cal o director do Museo Municipal realiza visita técnica á peza para a súa observación directa, toma de datos e fotografías.

En data 16 de xullo o director do Museo Municipal emite informe valorativo da peza ofertada, que obra no expediente, cuxos elementos principais figuran no presente informe.

**2. Análise da peza ofertada**



### Ficha técnica

Obxecto: Arcón decorativo

Autor: Xosé Liste Naveira

Materiais: Madeira e ferro

Medidas: 1,58 m x 0,57 x 0,80 (h)

Técnica: Ebanistería/tallado/gravado. Fechaduras: forxa

Datación: Ca 1945

Estado de conservación: Excelente.

Trátase dun arcón de tapa, realizado en madeira de castaño, con tres caras talladas en toda a súa superficie, esquinais decorados con sarta de froitas rematadas nas patas en forma de cabeza de carneiro con voluta para apoio.

O arcón está historiado en relevo nas súas tres caras principais con escenas relativas ao traballo artesanal do curtido da pel. Conforme indica a doante, esta actividade era a propia do primeiro propietario do arcón, o industrial radicado en Vigo, Santiago López Guerra, quen encargou persoalmente o moble con esta temática ao ebanista.

No panel frontal desenvólvese en altorrelevo unha secuencia de obreiros en diferentes traballos relacionados co curtume. Así descarnan, pelan, raspan ou removen as peles nos pozos de taninos. A ambientación da curtiduría está conseguida en baixo relevo onde as cubertas do taller, das que penden as peles, permítenlle ao escultor ofrecer certa ilusión de profundidade.

No taboleiro lateral esquerdo presentase unha parella de homes carrexando sacos xunto a unha muller sentada á porta da fábrica. No dereito unha cabalería moe a corteza de





## Concello de Vigo

castiñeiro que adoita empregarse na curtiduría para a obtención dos taninos, destacando novamente o uso da perspectiva, neste caso moi forzada, para proporcionar ilusión de espazo.

Completan o arcón as súas dúas fechaduras en ferro forxado.

En conxunto trátase a peza dun dos notables traballos de encargo que realizou o ilustre mestre compostelán Xosé Liste Naveira; quen dotaba aos seus mobles dunha destacada dimensión artística grazas ao seu extraordinario dominio do oficio, exemplo dos cales son o aparador Vega-Flórez (Oleiros), onde os motivos relacionanse coa caza; ou o aparador de tema mitolóxico da colección do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" (nº inv. 1269).

Xosé Liste Naveira (1904- 1973) foi un dos grandes ebanistas composteláns da súa xeración. Desde 1928 tivo obradoiro e tenda en rúa principal da súa localidade natal; traballando fundamentalmente a madeira en mobles acusadamente decorativos caracterizados polo expresionismo da figuración e a rotundidade formal. En menor medida tamén dedicouse á escultura sendo obra súa o busto de Vicente Risco que realizou para a rúa dese nome en Ourense en 1964.

En canto á orixe do arcón encargouno arredor de 1945 Santiago López Guerra, curtidor de peles de orixe palentina radicado en Vigo onde tiña a súa propia fábrica de curtidos na rúa Cantabria, desaparecida a finais da década dos 60 do pasado século XX.

Por tal motivo ao valor artístico da peza debería engadírselle o seu interese histórico local en tanto remite graficamente á actividade dunha das fábricas que operaron na cidade de Vigo durante gran parte do século pasado.

### **3. Interese público da aceptación da doazón**

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia establece, no seu título VIII, art. 111.1., que os museos "son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da **recollida, adquisición, (...) de bens patrimoniais de carácter cultural** que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural."

O Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" dispón dunha sinalada colección de mobiliario de diferentes épocas tendo especial predilección polo mobiliario galego pola súa relación coa edificación pacega que é sede do museo.

O moble ofertado é da autoría do escultor Xosé Liste Naveira, un dos máis notables ebanistas galegos do pasado século XX; presenta unha gran calidade na súa execución; ten un magnífico estado de conservación; e remite historicamente, polo seu propietario orixinal, á actividade dunha curtidoiro vigués en exercicio durante grande parte do século pasado.

Por todo o cal valorase favorablemente a aceptación da doazón da peza que se oferta.

Queda así plenamente xustificado o interese público e a conveniencia de aceptar a doazón da peza ofertada en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao seu Museo Municipal "Quiñones de León".

### 3. Condicións establecidas para a doazón

A doante non establece condición *sine qua non* para a realización da súa doazón.

No seu documento de oferta de doazón a ofertante declara que "la obra ofrecida en donación al Museo Municipal de Vigo Quiñones de León, es de su propiedad exclusiva, no existiendo condición restrictiva alguna sobre las mismas".

### 4. Valoración económica estimada

En base ás consultas realizadas establece un valor económico para a obra de **3.000 €**.

### 5. Informe xurídico favorable

En data 25 de xullo de 2021 a Secretaria de Administración Municipal emite informe favorable acerca da oferta de doazón, sinalando que unha vez aceptada pola Xunta de Goberno local deberá procederse á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico; así como do Inventario do Museo Municipal conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG.

Visto todo o cal, co informe favorable da Secretaria de Administración Municipal; coa conformidade do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Emprego; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA.-**

"Aceptar a doazón da peza "Arcón artístico" do escultor ebanista Xosé Liste Naveira, ofertada por \*\*\*3491\*\*, cuxa descrición obra no anexo; para o seu ingreso na colección de artes decorativas do Museo Municipal "Quiñones de León"; procedendo trala súa incorporación á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico; así como do Inventario do Museo Municipal conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

**ANEXO.-**



Ficha técnica

Obxecto: Arcón decorativo

Autor: Xosé Liste Naveira

Materiais: Madeira e ferro

Medidas: 1,58 m x 0,57 x 0,80 (h)

Técnica: Ebanistería/tallado/gravado. Fechaduras: forxa

Datación: Ca 1945

Estado de conservación: Excelente.

**18(667).- PROPOSTA DE PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 3011/341.**

Visto o informe xurídico do 23/07/2021 e o informe de fiscalización do 26/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 20/07/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

–RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP

–RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

## **ANTECEDENTES**

1. A Xunta de Goberno Local con data 1 de novembro de 2019 acordou (expte 2291-341):

*1. “Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de outubro de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por FEC do PCAP:*

- *SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAMYL)*
- *OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS)*

*2. Adjudicar a SERVICIOS SECURITAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 767.827,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 133.259,38 euros. O prezo dos servizos de atención ao público ascende a 671.153,03 euros e o prezo dos servizos de coordinación a 96.674,83 euros.*

*b) Comprométese a realizar 50 encontros divulgativos anuais de promoción da programación dos centros entre colectivos diversos do termo municipal sinalados polo Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

2. Con data 13 de decembro de 2019, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SERVICIOS SECURITAS SA cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 1 de xaneiro de 2020 (cláusula 4) .

3. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 210129598, de data 19 de xullo, D. Antonio López González en nome e representación da mercantil *SERVICIOS SECURITAS S.A.* presta a súa conformidade á primeira prórroga do do contrato, cunha duración de un ano, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022.



**Concello de Vigo**

4. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 14 de xuño, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

5. Esta xefatura informa que a empresa *SERVICIOS SECURITAS SA* ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

### **CONSIDERACIÓNS XURIDICAS**

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 13 de decembro de 2019, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de xaneiro de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 14 de xuño de 2021 autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto**, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizos de atención ao público nas dependencias da Rede de Museos Municipais (expediente 2299/341), polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de 383.913,93 € (trescentos oitenta e tres mil novecentos trece euros con noventa e tres céntimos), ive engadido, dos que 335.576,51 € corresponden aos servizos de atención ao público e 48.337,42 € corresponden a servizos de coordinación, a favor de SERVICIOS SECURITAS S.A (CIF.- A28986800), con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao Público” do orzamento municipal para o exercicio 2022.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(668).- NOMEAMENTO INTERINO DE PERSOAL ADMINISTRATIVO E AUXILIAR, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 A) DO RDL 5/2015, PARA DISTINTOS SERVIZOS. EXPTE. Nº 37900/220.**

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2021, asinado pola técnico de Admon. Xeral, pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira delegada de área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- Con data de sinatura electrónica, se presentan solicitudes dos servizos seguintes, - deportes, estatística, oficina de asistencia ao rexistro, e arquivo xeral -, de data de sinatura electrónica, asinadas polas Xefaturas de Servizo ou Secretaria de Goberno local, segundo os casos, coas conformidades das Concelleiras delegadas competentes solicitando a urxente tramitación do expediente de cobertura de persoal administrativo e auxiliar.

II.- En resposta a esta petición, e previa a emisión de informe técnico que establecía a posibilidade de cobertura das prazas solicitadas, a Concelleira delegada en materia de persoal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, dispuxo ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente



## Concello de Vigo

administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos solicitados (2 efectivos coa categoría de administrativo- 1 para deportes e outro para o arquivo municipal- e 2 efectivos con categoría de auxiliar administrativo 1 para OAR e outro para estatística).

III.- Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, e no que, entre outras cuestións, consta que:

*“En conclusión, as prazas antes mencionadas de Administrativo/a de Administración Xeral, atópanse vacantes, polo que a xuízo do que subscribe, estarían en disposición de ser cubertas interinamente en réxime funcional con cargo a Oferta de emprego público correspondente ao ano 2021, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, e na que inexcusablemente deberán ser incluídas ditas prazas.*

*No que respecta as prazas de Auxiliar de Administración Xeral atópanse vacantes, polo que poderían así mesmo ser cubertos interinamente en réxime funcional, unha con cargo a OEP correspondente ao ano 2020 e a outra con cargo a vindeira OEP correspondente ao ano 2021, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, donde deberá ser incluída a dita praza.”*

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

#### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes





## Concello de Vigo

cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En relación a existencia de prazas vacantes, e segundo o informe técnico obrante no expediente, respecto as prazas de administrativo de administración xeral, consta que: “a data de hoxe figuran vacantes dúas novas prazas de administrativo/a de administración xeral, desde as datas 20/04/2020 (expte. 37002/220) e, 09/05/2021 (expte. 37454/220), por xubilación voluntaria das súas titulares, polo cal dende as referidas datas se conta con crédito orzamentario que permita a súa cobertura, se legalmente se considerase posible, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP...”

*...En consecuencia e como conclusión, infórmase que nos Servizos de Deportes e no Arquivo Xeral, figuran vacantes e dotados orzamentariamente 2 postos de administrativo/a, en situación de ser cubertos interinamente, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, con cargo a vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2021, pendente de aprobación e, na que inexcusablemente deberán incorporarse estas dúas prazas de Administrativo/a de Administración Xeral.”*

Con respecto ás prazas de auxiliar de administración xeral, consta que: “...figura aprobada e pendente de executar a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 23/12/2020, publicada no BOP de 30/12/20 e no DOG de igual data, na que se inclúen 7 prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, reservándose tres delas para persoas que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Destas sete prazas, unicamente unha delas está en situación de ser cuberta interinamente,...

*... a data de hoxe figura vacante unha nova praza de auxiliar de administración xeral, desde a data 25/05/2021 (expte. 37189/220), por xubilación voluntaria da súa titular na Oficina de Atención ao Rexistro e Información, polo cal dende a referida data se conta con crédito orzamentario que permita a súa cobertura, se legalmente se considerase posible, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP..*

*Como conclusión, infórmase que na Oficina de Asistencia ao Rexistro e Información, cód. 232 e no Servizo de Estatística, cód. 234, figuran vacantes e dotados orzamentariamente dous postos de auxiliar administrativo/a, en situación de ser cubertos interinamente, un deles en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, con cargo a vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2021, pendente de aprobación e, na que inexcusablemente deberá incorporarse esta praza de Auxiliar se finalmente fose nomeado/a, e , a restante, con cargo a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 xa aprobada.”*

*Así conclúe que: “as prazas de Administrativo/a de Administración Xeral, atópanse vacantes, polo que a xuízo do que subscribe, estarían en disposición de ser cubertas interinamente en réxime funcional con cargo a Oferta de emprego público correspondente ao ano 2021, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, e na que inexcusablemente deberán ser incluídas ditas prazas.*

*No que respecta as prazas de Auxiliar de Administración Xeral atópanse vacantes, polo que poderían así mesmo ser cubertos interinamente en réxime funcional, unha con cargo a OEP correspondente ao ano 2020 e a outra con cargo a vindeira OEP correspondente ao ano 2021, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, donde deberá ser incluída a dita praza.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución das OEP 2020 (1 praza de aux. Admon xeral) e 2021 (1 praza de aux. Admon xeral e 2 prazas de aux. Admon xeral), prazas que deberán incluírse na OEP 2021, salvo que proceda a súa amortización ex artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.3 e 10.4 do TREBEP.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso administrativo de administración xeral (cód 105) e aux. administración xeral-atención público ventanilla (cod. 377), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta nas solicitudes de data de sinatura electrónica, dos servizos seguintes, - deportes, estatística, oficina de asistencia ao rexistro, e arquivo xeral -, asinadas polas Xefaturas de Servizo ou Secretaria de Goberno local, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da concelleira delegada competente de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento da Área de Recursos Humanos, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei



## Concello de Vigo

5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente:

*“Con respecto ás dúas prazas de Administrativo/a de Administración Xeral, O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria de 18 de novembro de 2020, publicado no BOP de 20 de novembro seguinte, dun posto de Administrativo/a, cód. 105, para o exercicio 2021 e de 35.160,04€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 10.727,38€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 6.339,62€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 10.748,08€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.344,96€), significando que o custe máximo anual para presente ano 2021 para cada unha das prazas sería de 16.613,12€ (dos que 13.617,65€ corresponden a retribucións e, 3.470,49€ a seguridade social a cargo ao empregador), toda vez habería que imputalo a un máximo de 5,67 meses, xa que non estarían en condicións de ser nomeados/as ata polo menos o 12 de xullo próximo, xa que os créditos dos primeiros meses deste ano xa foron utilizados nas modificacións orzamentaria número 2/2021, expte. 36898/220, 5/2021, expte. 37252/220 e, 49/2021 expte. 37618/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria, entre outras, da aplicación 920.0.140.0000, por un total de 1.849.516,28€.*

Con respecto ás dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, asociadas a postos cód. 377-Auxiliar atención público ventanilla, da Relación de Postos de Traballo vixente, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sería de imputación ao exercicio económico 2021 e seguintes, ata a súa cobertura definitiva.

O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, do posto vacante de auxiliar atención ventanilla, cód. 377 para o exercicio 2021 e de 33.636,18€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0400 (soldo base, por un importe anual de 9.174,60€), 121.0004 (complemento de destino, por un importe anual de 5.364,64€), 121.0104 (complemento específico por un importe anual de 10.914,60€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 8.182,34€), significando que o custe máximo anual para presente ano 2021 (para cada un destes nomeamentos) sería de 15.893,10€ (dos que 12.026,94€ corresponden a retribucións e, 3.866,16€ a seguridade social a cargo ao empregador), toda vez habería que imputalo a un máximo de 5,67 meses, xa que non estaría/n en condicións de ser nomeado/a/os/as ata polo menos o 12 de xullo próximo.”

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no

informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación que obra no expediente

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Administrativos/as, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Administrativos/as con cargo a praza vacante 2021 a R. Vila Rodríguez con DNI: \*\*\*8336\*\* e a I. Fernández Vila con DNI: \*\*\*9540\*\*, e como Auxiliares Administrativos/as con cargo a praza vacante 2021 e 2020 a E. Martínez Martínez con DNI: \*\*\*5395\*\* e a M. M. Soto Perez con DNI: \*\*\*9332\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 16/04/2021 e por acordos da xunta de goberno local de datas 22/04/2021, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as con cargo a vacante, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o custo máximo anual para presente ano 2021, para cada unha das prazas administrativo de administración xeral de 16.613,12 € (dos que 13.617,65 € corresponden a retribucións e, 3.470,49 € a seguridade social a cargo ao empregador), e o custe máximo anual para presente ano 2021 para cada unha das prazas de auxiliar de administración



## Concello de Vigo

xeral-atención público ventanilla de 15.893,10€ (dos que 12.026,94€ corresponden a retribucións e, 3.866,16€ a seguridade social a cargo ao empregador).

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as coa categoría de Administrativos/as de administración xeral con cargo ás prazas vacantes que deberán incluírse na OEP 2021 a R. Vila Rodríguez con DNI: \*\*\*8336\*\* e a I. Fernández Vila con DNI: \*\*\*9540\*\*, e como Auxiliares Administrativos/as con cargo á praza vacante que deberá incluírse na OEP 2021 e a incluída na OEP 2020 a E. Martínez Martínez con DNI: \*\*\*5395\*\* e a M. M. Soto Perez con DNI: \*\*\*9332\*\*, respectivamente; elo na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento que se cubran definitivamente ditas prazas (previa resolución dos procesos selectivos, competitivos e públicos), unha de elas incluída na OEP correspondente ao ano 2020 (1 praza de aux. de administración xeral) e tres que deberán incluírse na OEP 2021, salvo que proceda súa amortización (1 praza de auxiliar de administración xeral e 2 de administrativo de administración xeral); sendo adscritos aos Servizos de deportes e arquivo xeral (prazas de administrativo de administración xeral), e a Oficina de asistencia ao rexistro e estatística (prazas de auxiliar de administración xeral), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, á Secretaria de Goberno local, ás xefaturas de estatística e deportes, á Intervención Xeral, a Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(669).- PROPOSTA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTO INTERINO NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE LABORATORIO. EXPTE.Nº 38009/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 26/07/2021, asinado polo técnico de Organización e Planificación, pola técnico de Admon. Xeral e pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- Con data 9 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Auxiliar de Laboratorio, expte. 34392/220, que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 172 de data 7 de setembro de 2020.

II.- Por Resolución da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía Seguridade e Organización Municipal de data 14/06/2021, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, órgano de selección, así como lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 36376/220.

III.- Así mesmo, por Resolución da concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía Seguridade e Organización Municipal de 21/06/2021 resolveuse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as correspondente á Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Auxiliar de Laboratorio, de conformidade co artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Rematado o mesmo, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 22/07/2021 a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EX.	PUNT. 2º EX.	PUNT. 3º EX.	TOTAIS
1	VILLAR HERNÁNDEZ	BRENDA	***5400**	9,50	8,750	2,00	20,250
2	DACOSTA ARGIBAY	MARÍA JOSE	***5803**	7,83	9,450	2,00	19,280
3	LEMOS MALVIDO	ÓSCAR	***6222**	8,67	7,900	2,00	18,570
4	SOTO PÉREZ	ÁGUEDA	***7272**	9,33	6,125	2,00	17,455
5	COUÑAGO JUSTO	GRACIA PATRICIA	***7725**	5,67	9,100	2,00	16,770
6	RAMÓN CONDINES	JÉNIFER	***9152**	8,33	5,725	2,00	16,055
7	ÁLVAREZ NUÑEZ	YOLANDA	***1350**	7,17	5,750	2,00	14,920
8	FREIRE FERNÁNDEZ	MARÍA DEL CARMEN	***9666**	7,17	5,625	2,00	14,795
9	RAMÓN CONDINES	MARÍA SALOMÉ	***9117**	7,00	5,000	2,00	14,000
10	OTERO PAN	ÁNXELA	***9214**	6,17	5,725	2,00	13,895
11	PRADO GROBAS	ANTÍA XISELA	***7299**	5,67	6,125	2,00	13,795



Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EX.	PUNT. 2º EX.	PUNT. 3º EX.	TOTAIS
12	MALAGÓN MÁRQUEZ	TANIA MARÍA	***7337**	6,17	5,000	2,00	13,170
13	FERNÁNDEZ IRIARTE	MARTA	***1228**	6,17	5,000	2,00	13,170

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, modificado polo Real Decreto Lei, 14/2021, do 6 de xullo, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta doce meses máis (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres años (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarían parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarían parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e normativa de concordante aplicación.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que os/as aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, modificado polo Real Decreto Lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 9 de xullo de 2020, son os que se sinalan a continuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EX.	PUNT. 2º EX.	PUNT. 3º EX.	TOTAIS
1	VILLAR HERNÁNDEZ	BRENDA	***5400**	9,50	8,750	2,00	20,250
2	DACOSTA ARGIBAY	MARÍA JOSE	***5803**	7,83	9,450	2,00	19,280
3	LEMON MALVIDO	ÓSCAR	***6222**	8,67	7,900	2,00	18,570
4	SOTO PÉREZ	ÁGUEDA	***7272**	9,33	6,125	2,00	17,455
5	COUÑAGO JUSTO	GRACIA PATRICIA	***7725**	5,67	9,100	2,00	16,770
6	RAMÓN CONDINES	JÉNIFER	***9152**	8,33	5,725	2,00	16,055
7	ÁLVAREZ NUÑEZ	YOLANDA	***1350**	7,17	5,750	2,00	14,920
8	FREIRE FERNÁNDEZ	MARÍA DEL CARMEN	***9666**	7,17	5,625	2,00	14,795
9	RAMÓN CONDINES	MARÍA SALOME	***9117**	7,00	5,000	2,00	14,000
10	OTERO PAN	ANXELA	***9214**	6,17	5,725	2,00	13,895
11	PRADO GROBAS	ANTÍA XISELA	***7299**	5,67	6,125	2,00	13,795
12	MALAGÓN MÁRQUEZ	TANIA MARÍA	***7337**	6,17	5,000	2,00	13,170
13	FERNÁNDEZ IRIARTE	MARTA	***1228**	6,17	5,000	2,00	13,170

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xullo de 2021, aprobou acordo relativo aos **“criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo”**, expte. 36685/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

#### **I.- OBXECTO E CONCEPTO DE LISTA DE RESERVA**

*As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron, sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).*

*Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.*

*As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que*





*exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.*

*As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.*

## **II.- DEREITOS DAS PERSOAS EN LISTA DE RESERVA**

*As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación.*

*A pertenza a unha lista de reserva unicamente xerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como persoal interino que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no marco normativo de aplicación en materia de selección de persoal interino, e que se concretan en:*

*a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*

*b) A substitución transitoria dos titulares, establecéndose que nos casos de incapacidade temporal, redución de xornada, xubilacións parciais, maternidade ou paternidade, ou permisos a tempo parcial poderá nomearse persoal funcionario interino para cubrir a parte da xornada de traballo que non realice a persoa titular do posto.*

*c) A execución de programas de carácter temporal, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na normativa básica de aplicación, non podendo, en ningún caso, os ditos programas responder a necesidades permanentes da Administración.*

*d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo establecido legalmente. No presente suposto, operará a dita limitación temporal dentro dos nomeamentos que se realicen no mesmo subgrupo de titulación, aos efectos de garantir a adecuada rotación das listas de reserva.*

*Cando se proceda a provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas*

*nos apartados b), c) (neste caso, solo nos programas de duración inferior a tres anos) ou d) do citado artigo.*

*En ningún caso se ofrecen novos nomeamentos a persoas que estean ocupando vacantes, nin programas de carácter temporal cunha duración prevista de tres anos, ata a cobertura ou amortización da vacante que ocupan, ou ata finalizar o programa.*

*Sen prexuízo do establecido anteriormente, se ofrecen os chamamentos que supoñan unha mellora de traballo (entendendo por mellora, nomeamentos para vacantes ou programas correspondentes a categorías superiores).*

*Unha vez ofrecido un nomeamento a un aspirante, e recibida a aceptación asinada polo mesmo, a persoa deberá ser nomeada no prazo máximo de dous meses. No caso de circunstancias sobrevenidas derivadas do servizo ao interese xeral, que impidan o nomeamento no prazo establecido, as cales deberán constar por escrito e ser incorporadas ao expediente; o aceptante poderá renunciar ao mesmo sen ser penalizado, e a Administración asume o compromiso de ofrecerlle o seguinte nomeamento, con carácter prioritario sobre os demais integrantes das lista.*

*As listas de reserva poderán ser utilizadas para o nomeamento de persoal laboral temporal, nos supostos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo servizo correspondente, resulte necesario recorrer á dita lista, seguindo idéntica tramitación que no caso da selección de persoal funcionario.*

### **III.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA**

*As listas de reserva do Concello de Vigo teñen carácter público, ao abeiro do establecido na normativa vixente en materia de transparencia, e figurarán publicadas no Portal de Transparencia debidamente actualizadas.*

#### **Procedemento:**

*O nomeamento do persoal interino será acordado polo órgano municipal competente en materia de persoal consonte ao previsto na lexislación básica sobre réxime local e réxime de delegacións existentes no Concello de Vigo; previa tramitación de expediente xustificativo da necesidade e urxencia de efectuar o mesmo consonte aos supostos sinalados no apartado anterior; a proposta fundamentada do servizo administrativo correspondente, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área concreta.*

*A incoación do expediente administrativo de nomeamento será realizada pola Concellería-delegada competente en materia de persoal. As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de*



## Concello de Vigo

*incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, e normativa de concordante aplicación (Leis 29(2015 e 40/2015 de 1 de outubro).*

*A xestión das listas corresponderá á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, estando á disposición dos interesados na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) en cumprimento da normativa vixente en materia de transparencia.*

*Os chamamentos se realizarán mediante os procedementos que se establecen a continuación.*

*a) Procedemento xeral: Se realizarán tres intentos de comunicación ou aviso vía telefónica, correo electrónico e/ou sistema de mensaxería instantánea de titularidade corporativa, no prazo de dous días hábiles, cunha diferenza de ao menos 1 hora entre cada intento, dando un prazo dun día hábil para que mostren ou non a súa conformidade e aporten a documentación.*

*b) Para procedementos de cobertura de extrema urxencia: Se realizarán dous intentos de comunicación no mesmo día, cunha diferenza de ao menos unha hora entre cada intento. Nestos casos a oferta deberá ser aceptada ou rechazada no mesmo momento, debendo aportar a documentación requirida nun prazo de 12 horas.*

*A estes efectos enténdese por supostos de extraordinaria urxencia, os derivados de situacións de saúde pública, crises sanitarias ou acontecementos catastróficos, así como en situacións debidamente xustificadas de necesidade inaprazable por razóns de interese público.*

*A existencia de extraordinaria urxencia deberá ser xustificada debidamente polo Servizo solicitante e acordado expresamente na orde de incoación de expediente da concellería delegada competente en materia de persoal.*

*Con carácter xeral para ambos procedementos:*

*. Tanto a aceptación como a renuncia dos nomeamentos deberán manifestarse por escrito. Se entenderá rexeitado tácitamente o ofrecemento no caso de que non se responda a chamada, correo electrónico ou sistema de mensaxería instantánea de titularidade corporativa; ou non se teña recibida a aceptación nos prazos establecidos.*

*En caso de renuncia ao nomeamento, procederase ao chamamento ao aspirante seguinte da lista, sen que caiba alegar motivo xustificativo algún relativo ás causas da renuncia.*

*. Nos casos de renuncia tácita, todos os intentos deberán quedar recollidos no expediente pola persoa encargada de efectualos os chamamentos. A persoa encargada de efectuar o chamamento, rexistrará mediante dilixencia asinada electrónicamente, os datos das chamadas efectuadas, número de intentos de chamada á mesma persoa, día e hora de chamada.*

*. É obriga dos interesados a actualización dos datos persoais. Os aspirantes deberán autorizar expresamente o tratamento dos datos persoais conforme ao previsto na LO vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, mostrando a súa conformidade no escrito de aceptación.*

*. A aceptación e documentación requirida se presentará por calquera dos medios legalmente establecidos (preferentemente polo rexistro electrónico), xunto con declaración xurada conforme se reúnen os requisitos para o nomeamento ofrecido así como a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo nos termos da normativa vixente.*

*. Non poderá ser esixida a documentación que obre en poder da Administración.*

*En todos os casos, cando se produza o cesamento dun integrante da lista por finalización das causas motivadoras do nomeamento segundo se establece na normativa vixente; éste reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.*

#### **IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS**

*- A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá na lista de reserva na que renuncian, como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) Nos chamamentos efectuados no procedemento xeral; a primeira renuncia implicará que a persoa aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A segunda renuncia, implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*b) Nos chamamentos no procedemento de extrema urxencia, a segunda renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A terceira renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*- Cando unha persoa renuncia iniciado un nomeamento co Concello de Vigo, a penalización é a mesma que no caso de que renunciara a un chamamento sen xustificación algunha, é*



## Concello de Vigo

*dicir, pasa ao final da lista, si é a primeira vez, e si fora a segunda, sería expulsado da mesma. Ademais tamén queda desactivado automaticamente e corre por súa conta a solicitude de reactivación.*

*- Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- 1.- Permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- 2.- Incapacidade temporal (IT);*
- 3.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública; ou ben no sector privado*
- 4.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*
- 5.- Coidado de fillo menor de 3 anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, a contar dende a data de nacemento ou resolución xudicial ou administrativa.*
- 6.- Violencia de xénero.*
- 7.- Coidado de familiar de ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente o enfermidade non poda valerse por sí mesmo e non desenvolva actividade retribuída, por un prazo máximo de tres anos.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante:*

- 1.- Acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; 2.- Parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino;*
- 3.- Certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social;*
- 4.- Certificado de nacemento de fillo;*
- 5.- Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, ou orde de protección;*
- 6.- Libro de familia, situación de pensionista ou incapacidade, e informe médico que acredite a dependencia.*

*Nestes casos as persoas conservan a súa posición, pero serán desactivadas temporalmente, por un prazo máximo de tres anos, debendo comunicar a finalización das causas para volver a ser activadas.*

*As persoas son desactivadas para todos os chamamentos de interinidade por acumulación de tarefas. Non para o caso dun chamamento para cubrir unha vacante o para a execución dun programa temporal. Se lles chama aínda que estean desactivados.*

- Serán excluídos/as das bolsas os/as integrantes destas que así o soliciten.

- As persoas que renuncian no caso de ofrecemento de nomeamentos de categoría inferior a que corresponda pola lista de reserva, conservan a posición na lista e non son desactivadas.

#### **V.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA**

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **5 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

#### **VI.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Existirá unha Comisión de Seguimento da utilización das listas de carácter técnico-sindical, encargada das incidencias referidas ás listas de reserva, e que deberá velar polo efectivo cumprimento dos presentes criterios, estando facultada para solventar as incidencias prácticas susceptibles de xenerarse, así como para a determinación de criterios de interpretación.

A mesma estará integrada polos membros do grupo de traballo creado para o estudio, revisión e proposta de novos criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal:

- 2 técnicos da Área de Recursos Humanos e Formación.
- 1 técnico designado pola Intervención Xeral.
- 2 representantes do Comité de Persoal (comunicación electrónica de data 19/05/2021).
- 1 administrativo/a da Área de RRHH e Formación.

#### **VII.- OUTRAS INCIDENCIAS**

Nos supostos nos que en execución de sentenza deba modificarse o presente réxime de xestión das listas, a orde de prelación dos reservistas ou calquera outro aspecto, as medidas que correspondan serán adoptadas polo órgano municipal competente en virtude



## Concello de Vigo

*dos decretos e acordos de delegación competencial vixentes en cada momento, debendo comunicar tal incidencia á Comisión de Seguimento das listas.*

*Ás relacións entre as persoas integrantes das listas de reserva que poidan ser nomeadas como funcionariado interino e o Concello de Vigo seralles aplicables, o Dereito Administrativo, sendo impugnables os actos e acordos ditados no ámbito material indicado perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, nos termos do previsto na Lei 29/1998, do 13 de xuño, e normativa de concordante e procedente aplicación. Elo sen prexuízo da competencia da xurisdición social para as impugnacións de contratacións laborais temporais.*

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de admitidos/excluídos, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 38008/220 e, 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Auxiliar de Laboratorio, que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección de data 22/07/21 e que forman parte inseparable do citado acordo:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EX.	PUNT. 2º EX.	PUNT. 3º EX.	TOTAIS
1	VILLAR HERNÁNDEZ	BRENDA	***5400**	9,50	8,750	2,00	20,250
2	DACOSTA ARGIBAY	MARÍA JOSE	***5803**	7,83	9,450	2,00	19,280
3	LEMONS MALVIDO	ÓSCAR	***6222**	8,67	7,900	2,00	18,570
4	SOTO PÉREZ	ÁGUEDA	***7272**	9,33	6,125	2,00	17,455
5	COUÑAGO JUSTO	GRACIA PATRICIA	***7725**	5,67	9,100	2,00	16,770
6	RAMÓN CONDINES	JÉNIFER	***9152**	8,33	5,725	2,00	16,055
7	ÁLVAREZ NUÑEZ	YOLANDA	***1350**	7,17	5,750	2,00	14,920
8	FREIRE FERNÁNDEZ	MARÍA DEL CARMEN	***9666**	7,17	5,625	2,00	14,795
9	RAMÓN CONDINES	MARÍA SALOME	***9117**	7,00	5,000	2,00	14,000

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EX.	PUNT. 2º EX.	PUNT. 3º EX.	TOTAIS
10	OTERO PAN	ANXELA	***9214**	6,17	5,725	2,00	13,895
11	PRADO GROBAS	ANTÍA XISELA	***7299**	5,67	6,125	2,00	13,795
12	FERNÁNDEZ IRIARTE	MARTA	***1228**	6,17	5,000	2,00	13,170
13	MALAGÓN MÁRQUEZ	TANIA MARÍA	***7337**	6,17	5,000	2,00	13,170

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(670).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA ACORDO DA XGL 17/06/2021 (OEP 2014, 2015 E 2016). EXPTE. 38065/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 26/07/2021, asinado pola técnico de Admon. Xeral e pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- A OEP correspondente ao ano 2014, foi publicada no BOP 22/12/2015 e no DOG do 24/12/2015. A OEP correspondente ao 2015, foi publicada no BOP do 26/01/2016 e no DOG 10/02/2016. E a OEP correspondente ao ano 2016 foi publicada no BOP do 22/12/2016 e no DOG do 28/12/2016.

II.- No BOP de Pontevedra núm. 60, do 26/03/2018, publicáronse as bases reitoras e a convocatoria dos procesos selectivos derivados da execución das OEPS dos anos 2014, 2015 e 2016, posteriormente rectificadas polo Acordo da Xunta de Goberno local do 18/05/2018, que foi publicado no BOP de Pontevedra núm. 109, do 7/06/2018.

III.- No DOGA núm. 120 de 25/06/2018, publicouse “ANUNCIO de información pública sobre o inicio do prazo de presentación de solicitudes nos procesos selectivos derivados da execución da oferta de emprego público 2014, 2015 e 2016.” Indicando: “O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de apertura do prazo de presentación de solicitudes no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra para o caso das prazas de persoal laboral pola quenda de promoción interna, e no Boletín Oficial del Estado para o caso das prazas de funcionarios





**Concello de Vigo**

*de carreira –tanto pola quenda libre como por promoción interna– e para as prazas de persoal laboral pola quenda libre.”*

**IV.-** O anuncio referido foi publicado no BOE Núm. 180 de 26/07/2018, abrindo así o prazo de vinte días naturais para presentación de instancias, a contar dende o seguinte ao da publicación de esta resolución no BOE.

**V.-** O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, acorda a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades que integran a Administración Local e o sector público institucional).

O 1 de xuño reanudouse o cómputo dos prazos administrativos, non obstante a situación non era oportuna para o desenvolvemento de procesos selectivos, menos procesos masivos. No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, a Resolución de 4/06/2020, da Dirección Xeral da Función Pública, acorda celebrar as probas presenciais de aqueles procesos selectivos que se estaban desenvolvendo antes da declaración do estado de alarma a partir do 1/10/2020.

**VI.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 17/06/2021 adoptou o acordo polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as dos órganos de selección, lugar e data do primeiro exercicio dos procesos selectivos da terceira fase da OEP 2014, 2015, 2016. (BOP nº 120 de 25/06/2021).

**VII.-** En data 16/07/2021, o Sr. Ramos Martínez, con DNI nº \*\*3002\*\* \*, presenta recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do día 17/06/2021.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I.-** En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente, por ser aspirante incluído na lista provisional de admitidos, a unha das prazas incluídas na OEP 2016, sendo así titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o 25/6/2021, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local agora impugnado, presentando o recurso o día 16/07/2021.

II.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

III.- Interpón o Sr. Ramos Martínez recurso de reposición alegando en síntese:

+ O transcurso de máis de cinco anos entre a publicación do acordo que aproba a OEP 2016 no BOP e a publicación da lista provisional de admitidos.

+ Filtración das datas do exame para afiliados a un sindicato con anterioridade a publicación no BOP do acordo de XGL de 17/06/2021.

Sobre a base do anterior, transcorrido mais de tres para a execución da oferta de emprego público, solicita a anulación das probas selectivas e a anulación da OEP 2014, 2015, 2016.

## **Caducidade das OEP. Normativa e xurisprudencia**

### **a) Normativa**

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE 261/2015, do 31 de outubro) regula as ofertas de emprego público no seu artigo 70, establecendo que:

*“1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. **En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.**”*



**Concello de Vigo**

*2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.*

*3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”*

Pola súa banda a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, no seu artigo 48, con carácter xeral e polo que atinxe ás ofertas de emprego público, que:

*“1. Las necesidades de recursos humanos con asignación presupuestaria que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, incluidas las vacantes desempeñadas por personal funcionario interino o laboral temporal, serán objeto de oferta de empleo público, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por ciento adicional, salvo que se decida su amortización, estén incursas en un procedimiento de provisión de puestos de trabajo por concurso o, en el caso del personal docente, la planificación educativa lo impida.  
2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.*

*La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.*

*La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.*

*Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.*

3. Las ofertas de empleo público pueden prever que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convocatorias independientes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente tendrán el mismo contenido que las que se realicen en las convocatorias ordinarias y las personas que participen en ellas deberán acreditar el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad.

4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. **En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.**

5. La oferta de empleo público podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

Dentro do Título X, denominado “Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais” a norma autonómica contempla que:

“1. Las entidades locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal, así como a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de aquella para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las administraciones públicas.  
2. No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hubieran incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes producidas con posterioridad a su aprobación.”

No ámbito do sector público local, tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o Real Decreto legislativo 781/1985, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, non contemplan especialidade algunha no concreto aspecto indicado, sen prexuízo do cal debe lembrarse a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do RD legislativo 2/2015, do 30 de outubro, así como da lexislación de función pública no ámbito autonómico correspondente (artigo 7 Lei autonómica 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

## **b) Xurisprudencia**

A partir da previsión normativa do límite de tres anos para a execución da oferta de emprego público, xurdiu un amplo debate xudicial relacionado coas consecuencias do incumprimento



**Concello de Vigo**

do prazo establecido no artigo 70 do TREBEP anteriormente transcrito. Así por un lado estaban os que afirmaban que, neste caso, estamos en presenza dun simple incumprimento dun prazo administrativo sen máis consecuencias xurídicas directas nos procesos, de forma que supón unha actuación administrativa irregular non invalidante, que podería ser obxecto dunha reclamación de responsabilidade patrimonio da administración por funcionamento anormal dos seus servizos; ou ben, aquelas outras posturas que defendían que o incumprimento do prazo de tres anos, implica a inmediata caducidade da oferta de emprego, e por ende a anulabilidade das convocatorias realizadas ao amparo de esa oferta fora do prazo. Así, segundo ésta última postura, o mero transcurso do prazo de tres anos sen que se desenvolva a OEP, determina a caducidade automática e a invalidez sobrevenida de ésta, e esta invalidez afecta a todo o proceso selectivo - dende a convocatoria ata a resolución – executado, sen necesidade dunha declaración expresa.

Pero este debate, parece que por fin cerrouse definitivamente polo Tribunal Supremo, Sentencia 660/2019, de 21 de maio, que considera que este límite de tres anos é improrrogable e responde á lóxica de que se executen as ofertas de emprego público aprobadas para un exercicio determinado mentras permanezan as necesidades en virtude das cales se elaboraron. Así, establece doutrina xurisprudencial e considera que se está ante unha prescrición legal que impón “la obligación de convocar procesos selectivos para las plazas comprometidas” e que esixe executar a oferta de emprego público “en todo caso” dentro de ese marxe temporal, sobre o que engade que o prazo é “improrrogable”, o que implica que, “salvo razones muy poderosas”, o incumprimento do prazo ten carácter invalidante. Queda por determinar que se entende por “razones muy poderosas”.

## **II.- Criterio definido pola Sentenza n.º 256/2016, do 23 de xuño, do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo no R.C-A (p.a.) 180/2016.**

Xa adiantamos que esta Sentenza, recolleu o mesmo criterio que posteriormente mantivo o Tribunal Supremo.

Así, despois de expoñer o debate xudicial existente no tempo que foi ditada (anterior a STS 660/2019, de 21 de maio) referido no primeiro parágrafo do fundamento anterior; concluía considerando mellor fundada a interpretación que postula o carácter esencial do prazo de tres anos para a execución da OEP aos efectos de condicionar a validez do desenvolvemento do proceso de selección de persoal. Así afirmaba literalmente: “... *ya que en el fondo la previsión legal no hace más que acotar temporalmente la posibilidad de ejercicio de una potestad que confiere a la Administración, la de convocar procesos de selección de personal, limitando su discrecionalidad mediante la introducción de un elemento reglado de inexcusable observancia para el ejercicio válido de la potestad atribuida, más allá del cual decae o perece la potestad que le confiere el ordenamiento jurídico...*”

Así se conclúe que, o mero transcurso do prazo de tres anos establecido no artigo 70.1 TREBEP sen que se desenvolva a OEP, determina a caducidade automática o a invalidez sobrevenida de ésta.

Unha vez determinada a cuestión esencial dos efectos xurídicos derivados do transcurso do prazo de tres anos dende a publicación da OEP, en relación cos procesos selectivos relativos ás prazas incluídas en ela; non é baladí resolver a cuestión de que actuacións constitúen a execución da OEP e que deben realizarse dentro do prazo de tres anos, é dicir, si sería suficiente para considerar executada a OEP, a publicación da convocatoria, o si, pola contra, sería necesario ter rematados os procesos selectivos.

A Sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo, inclínase pola primeira opción: *“el plazo en que se han de desarrollar las actuaciones del proceso selectivo objeto de una convocatoria temporánea, en ejecución de una OEP válida y vigente (no caducada en sus efectos jurídicos) no puede considerarse condicionado por el plazo de tres años desde la publicación de la OEP, porque son ejecución directa de las previsiones sustantivas y temporales de las bases de la convocatoria de los procesos selectivos, que son las que marcan los plazos en que las actuaciones del proceso selectivo se han de desarrollar: plazo de presentación de solicitudes, plazo para la constitución del tribunal, calendario de ejercicios (o sus bases, pudiendo corresponder su concreción al tribunal calificador), plazo para la calificación, plazo para el desarrollo de periodos de prácticas, plazo para el nombramiento y toma de posesión. **Todas estas actuaciones tienen un marco propio de validez temporal predeterminado por las bases de la convocatoria (acto distinto y posterior a la OEP), y solo con una interpretación amplia se podrían entender comprendidas dentro del plazo “improrrogable” de tres años establecido para la ejecución de la OEP, ya que en realidad son actuaciones que se producen en desarrollo, cumplimiento o ejecución de las bases de la convocatoria. Es la publicación de este acto iniciador del procedimiento selectivo el término de referencia para el enjuiciamiento de la validez de estas actuaciones, también desde la perspectiva temporal, y solo de forma mediata es canon de validez de las mismas la OEP, en cuanto este último acto, en su validez y vigencia, es el que condiciona la validez de la convocatoria.** Una vez publicada ésta, debe considerarse cumplida la única obligación que el artículo 70 del EBEP establece como asociada al acuerdo aprobatorio de la OEP: la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. **En consecuencia, debe considerarse que el plazo máximo e improrrogable de 3 años condiciona la validez de la convocatoria de los procesos selectivos y agota su virtualidad en la publicación de la misma, ya que mediante esa publicación de la convocatoria la Administración hace uso de la potestad que le confiere el ordenamiento jurídico y para la que está habilitada por la publicación de la OEP, en relación con unas plazas concretas y por un periodo de tiempo determinado. La realización de los ejercicios de las pruebas selectivas, la actuación del órgano de selección, o los actos de nombramiento de los aspirantes que hayan aprobado, son ejecución directa de la***



*convocatoria, y de ésta depende la validez de tales actos, razón por la cual la eventual anulación de la convocatoria (que se podría producir si fuera extemporánea) conlleva la anulación de los actos subsiguientes, producidos en desarrollo o cumplimiento de las bases del proceso selectivo. La finalidad de fijación del plazo de tres años parece responder a la necesidad de acotar temporalmente la potestad administrativa de convocar procesos conducentes a la cobertura de las plazas vacantes, evitando dilaciones en esas convocatorias, para que se cumpla de forma efectiva y diligente la única obligación que establece expresamente el precepto como asociada a la OEP, que es la de convocatoria, de tal forma que exista una correlación temporal entre ésta y el acto previo por el que anuncia la existencia de las vacantes que la Administración hace públicas como objeto de necesaria cobertura. En cambio no parece que la finalidad del artículo 70 del EBEP vaya encaminada a garantizar la celeridad en los procesos de selección ya convocados en ejercicio y cumplimiento de la OEP, dentro del plazo marcado por la ley, con una medida tan onerosa para los potenciales beneficiarios de esta previsión legal como la terminación sin resolución de los procesos selectivos que, por diversas circunstancias, se hayan podido ver entorpecidos en su rápida resolución por diversos motivos. Téngase en cuenta que una vez que se publica la convocatoria y ésta se corresponde con la OEP y se realiza dentro del plazo legal, en puridad el acto aprobatorio de la OEP ya no sigue produciendo efectos jurídicos, pero no porque haya expirado su eficacia jurídica por consideraciones temporales, sino porque esos efectos se han consumado con la publicación de la convocatoria, que agota toda la virtualidad jurídica del contenido dispositivo habilitante que se deriva de la OEP. Una vez producida la convocatoria, si es válida, se corresponde con las plazas ofertadas y se verifica dentro del marco temporal marcado por la ley, ya no quedan por realizarse más efectos jurídicos de la OEP, que como tal se ha materializado de forma íntegra, pudiendo considerarse consumados todos sus efectos y que su contenido dispositivo, en cuanto cobertura de actos posteriores, se ha agotado por cumplimiento del acto iniciador del proceso selectivo, que es un procedimiento autónomo e independiente....”*

O criterio fixado pola Sentenza n.º 256/2016, do 23 de xuño, do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo no R.C-A (p.a.) 180/2016 parece claro; debe considerarse que o prazo máximo e improrrogable de tres anos condiciona a validez da convocatoria dos procesos selectivos e esgota súa virtualidade na publicación da mesma. É a publicación da convocatoria, a que inicia o procedemento de selección, e é o término de referencia para determinar a validez das actuacións en desenvolvemento do establecido na mesma.

### **III.- Estado de vixencia das Ofertas de Emprego Público 2014, 2015 e 2016 (última fase pendente da convocatoria).**

No caso que nos ocupa, temos que a OEP correspondente ao ano 2014, foi publicada no BOP 22/12/2015 e no DOG do 24/12/2015; OEP correspondente ao 2015, foi publicada no BOP do 26/01/2016 e no DOG 10/02/2016; e a OEP correspondente ao ano 2016 foi publicada no BOP do 22/12/2016 e no DOG do 28/12/2016. No BOP de Pontevedra núm. 60, do 26/03/2018, publicáronse as bases reitoras e a convocatoria dos procesos selectivos

derivados da execución das OEPS dos anos 2014, 2015 e 2016, posteriormente rectificadas polo Acordo da Xunta de Goberno local do 18/05/2018, que foi publicado no BOP de Pontevedra núm. 109, do 7/06/2018. O 26/07/2018 foi publicado no BOE núm. 180 de 26/07/2018, anuncio da convocatoria, abrindo o prazo de vinte días naturais para presentación de instancias, a contar dende o seguinte ao da publicación de esta resolución no BOE.

Polo tanto, tomando en consideración a data de publicación da OEP 2014 (decembro 2015), que sería a que podería presentar maior problema a efectos da súa vixencia, e a data de publicación da convocatoria no BOE (xullo de 2018), conclúese que a convocatoria publicouse dentro do prazo improrrogable de 3 anos. Polo tanto, segundo o exposto nos fundamentos anteriores de este informe e seguindo o criterio definido pola Sentenza n.º 256/2016, do 23 de xuño, do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo no R.C-A (p.a.) 180/2016, parece claro que as OEP 2014, 2015, e 2016, se executaron en prazo coa publicación dentro do prazo de tres anos. Ditos actos son válidos polo tanto, e o seu contido vincula non so aos aspirantes, senón que, como calquera acto administrativo vincula á propia Administración que os dita.

**IV.-** Xunto co anterior parece conveniente resaltar diversas circunstancias que xustifican o atraso na realización das probas selectivas.

**1.-** O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, acorda a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades que integran a Administración Local e o sector público institucional).

O 1 de xuño reanudáronse os cómputos dos prazos administrativos, non obstante a situación non era oportuna para o desenvolvemento de procesos selectivos, menos procesos masivos. A incidencia na poboación do COVID 19, o número de contaxios, e a situación excepcional fixo necesario retrasar novamente o proceso. Había que extremar as precaucións e garantir a protección da saúde da cidadanía e dos empregados públicos. Así no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, a Resolución de 4 de xuño de 2020, da Dirección Xeral da Función Pública, acorda celebrar as probas presenciais de aqueles procesos selectivos que se estaban desenvolvendo antes da declaración do estado de alarma a partir do 1 de outubro de 2020. Dende marzo ata outubro de 2020, oito meses de obrigado parón de todos os procesos de selección de persoal.

Indicar por último, que aínda a día de hoxe, esta pandemia leva consigo unha dificultade engadida na organización e desenvolvemento, xa de por si complicada, dos procesos selectivos de carácter masivo, así a título de exemplo: necesidade de aprobar protocolos de prevención de risco pola COVID; tramitación de contratos para adquisición de máscaras,





## Concello de Vigo

solución hidroalcohólica; necesidade de sinalización dos recintos, reserva de lugares moitos máis amplos para poder manter en todo momento a distancia de seguridade,...

2.- A priorización dos procedementos segundo a urxencia das necesidades por parte da concellerías competentes. Ao respecto compre destacar que a urxencia existente na incorporación de efectivos coa categoría de bombeiro e condutor bombeiro, procedentes das OEP 2017, 2018, 2019, dada a precaria situación do servizo de extinción de incendios, fixo necesario antepoñer a execución da primeira fase das OEP referidas para dar resposta as necesidades manifestadas en numerosas ocasións pola xefatura do servizo de bombeiros, e así garantir todas as súas intervencións con seguridade e fiabilidade.

**V.-** En canto a alegación de que a información de datas de exame estaban dispoñibles para os afiliados a un sindicato con representación no concello de Vigo con anterioridade á publicación no BOP, a publicación do BOP tivo lugar o 25/06/2021, pero as datas do exame están incluídos no acordo de XGL de data 17/06/2021 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as dos órganos de selección, lugar e data do primeiro exercicio dos procesos selectivos da terceira fase da OEP 2014, 2015, 2016, o cal é de carácter público, polo que é normal ese coñecemento previo.

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente o recurso interposto en data 16/07/2021 contra o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do día 17/06/2021 polo Sr. Ramos Martínez, con DNI nº \*\*3002\*\* \*.

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(671).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO COA “FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA”, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2021. EXPTE. 3797/330.**

Visto o informe xurídico do 16/07/2021 e o informe de fiscalización do 22/0/2021, dáse conta do informe-proposta do 14/07/2021, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**INFORME-PROPOSTA.-**

Con data da sede electrónica municipal 22 de marzo do 2021, a “Federación de Libreiros de Galicia” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento das Feiras do Libros durante o exercicio 2021; por este motivo, con data 23 de marzo do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 do orzamento municipal vixente.

**ANTECEDENTES.-**

A Federación de Libreiros de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

**PROGRAMACIÓN DO ANO 2021:**

*Feira do Libro Novo, do 1 de xullo ao 10 de xullo do 2021 na rúa Príncipe de 17 a 21 horas  
Feira do Libro Antigo e de Ocasión, do 24 de xullo ao 8 de agosto na Praza de Compostela de 10:30 a 14 horas e de 17:00 a 21:30 horas*

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 27.000 € (vintasete mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 €
- Recursos Propios: 22.000 €

**DOCUMENTACIÓN.-**

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:



## Concello de Vigo

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 2 de xullo do 2021).

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia, para a organización das Feiras do Libros 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Libreiros de Galicia deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” ten como obxecto financiar a organización das Feiras do Libro 2020, figurando na aplicación **3340.480.00.16** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

O proxecto conta co informe favorable do Departamento de Seguridade e Mobilidade do 19.05.2021 e do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do 28.06.2021.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 5.000 € (cinco mil euros) á Federación de Libreiros de Galicia CIF. V15038458, para a organización das Feiras do Libro 2021, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 “SUBVENCIÓN FEIRA DO LIBRO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento das Feiras do Libro 2021”.*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **23(672).- RECADACIÓN EN VÍA DE CONSTRIXIMENTO PARA COBRO DE RECIBOS POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA AO CONCELLO DO PORRIÑO (2018-2019-2020). EXPTE. 90036/700.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/07/2021, do tesoureiro municipal, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

A Dirección de ingresos do Concello de Vigo, en data 01 de xullo de 2021 remíte a esta Tesourería o seguinte informe:

Achégolle expediente da “ débeda por subministración de auga desde o Concello de Vigo ao Concello de Porriño” correspondente aos períodos de facturación entre o 01.01.2018 e o 31.12.2018, 01.01.2019 a o 31.12.2019, 01.01.2020 a o 31.12.2020 non satisfeitas en período voluntario e aprobadas por Decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde e que dimana do acordo adoptado polo Pleno de Concello de Vigo de data 27 de xaneiro de 1998.

As citadas liquidacións foron notificadas regulamentariamente conforme ós art. 109 a 112 da Lei 58/2003 do 17 de decembro XeralTributaria.

Estes expedientes teñen a súa orixe na petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para a apertura do citado proceso recadatorio.

As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a **638.389,28 €** (SEISCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS OITENTA E NOVE EUROS E VINTE E OITO CENTIMOS) segundo relación que achega foron aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde en cada mes dos devanditos anos e que se relacionan o seguir:

<b>CONSUMOS 2018</b>						
CONCEPTO	CARGO	RECIBO	PERIODO FACT.	TITULAR	NIF/CIF	IMPORTE PPAL
593	2021	215930012	XAN/FEB 2018	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	30190,68
593	2021	215930011	MAR/ABR 2018	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	29001,17
593	2021	215930010	MAI/XUÑ 2018	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	31138,18
593	2021	215930009	XUL/AGO 2018	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	37001,91
593	2021	215930008	SEP/OUT 2018	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	38634,29
593	2021	215930007	NOV/DEC 2018	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	33681,87
					<b>TOTAL</b>	<b>199648,1</b>
<b>CONSUMOS 2019</b>						
CONCEPTO	CARGO	RECIBO	PERIODO FACT.	TITULAR	NIF/CIF	IMPORTE PPAL
593	2021	215930019	XAN/FEB 2019	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	32685,87
593	2021	215930020	MAR/ABR 2019	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	32235,29
593	2021	215930021	MAI/XUÑ 2019	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	34493,67
593	2021	215930022	XUL/AGO 2019	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	37951,23
593	2021	215930023	SEP/OUT 2019	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	39548,64
593	2021	215930024	NOV/DEC 2019	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	37105,37
					<b>TOTAL</b>	<b>214020,07</b>
<b>CONSUMOS 2020</b>						
CONCEPTO	CARGO	RECIBO	PERIODO FACT.	TITULAR	NIF/CIF	IMPORTE PPAL
593	2021	215930013	XAN/FEB 2020	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	32304,83
593	2021	215930014	MAR/ABR 2020	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	36307,94

593	2021	215930015	MAI/XUÑ 2020	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	37829,11
593	2021	215930016	XUL/AGO 2020	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	39787,18
593	2021	215930017	SEP/OUT 2020	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	38139,32
593	2021	215930018	NOV/DEC 2020	CONCELLO PORRIÑO	P3603***F	40352,73
					<b>TOTAL</b>	<b>224721,11</b>
					<b>TOTAL</b>	<b>638389,28</b>

Con data 24 de xuño de 2021, o Director da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o período voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

A cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, prevé que *“Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrable, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento”*.

Pola súa beira, o artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento, iniciárase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será título suficiente para iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

E por isto que, en concordancia coa petición formulada pola entidade concesionaria ó Concello de Vigo, esta Tesourería, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal nº. 60 Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, PROPÓN A ESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CON CARÁCTER PREVIO Á APERTURA DE EXPEDIENTES DE COBRANZA POLA VÍA DE CONSTRINXIMENTO, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada ó obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 638.389,28 € (SEISCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS OITENTA E NOVE EUROS E VINTE E OITO CENTIMOS) en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o otorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**-PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2021”. EXPTE. 8748/335.**

**-NOMEAMENTO INTERINO OPERARIOS-PEÓNS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. Nº 37277/220.**

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**24(673).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2021”. EXPTE. 8748/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2021, asinado pola xefa do Servizo de Festas, polo concelleiro delegado de área e polo secretaria de Admon. Municipal, que di o seguinte:

A administración de oficio detectou un erro material que se evidencia no pacto 2 da proposta de convenio de colaboración entre la Excma. Deputación de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2021” documento que conforma o expediente, polo que de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común procede a rectificación do erro de xeito que,

Rectificación da Proposta de Convenio de data 30/06/21

- Onde dí: “**SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO.**- As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€) IVE incluído para facer fronte aos gastos relacionados coa XX edición do festival “O Marisquiño”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 21/942.9420.462.14 do vi-xente orzamento provincial.

- Debe dicir: “**SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO.**- As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€) sen IVE para facer fronte aos gastos relacionados coa XX edición do festival “O Marisquiño”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 21/942.9420.462.14 do vi-xente orzamento provincial.

Polo exposto propónse a adopción do seguinte **ACORDO:**

Aprobar a rectificación de erro material do pacto 2 da proposta de convenio de colaboración entre la Excm. Deputación de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2021” documento que conforma o expediente, polo que de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común procede a rectificación do erro de xeito que,

- Onde dí: “**SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO.**- As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€) IVE incluído para facer fronte aos gastos relacionados coa XX edición do festival “O Marisquiño”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 21/942.9420.462.14 do vi-xente orzamento provincial.

Debe dicir: “**SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO.**- As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€) sen IVE para facer fronte aos gastos relacionados coa XX edición do festival “O Marisquiño”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 21/942.9420.462.14 do vi-xente orzamento provincial.





**Concello de Vigo**

Quedando a proposta de convenio da seguinte forma:

**PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2021”.**

En Vigo, na data da sinatura electrónica.

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra, don Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

**EXPOÑEN**

I. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de

colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, desenvolverán accións para potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, en concreto mediante programas e actividades de promoción da cultura.

III. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da citada Lei 7/1985, e en concreto aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Pola súa banda, a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

IV. Que “O Marisquiño”, festival que se vén celebrando en Vigo dende hai 20 anos, consolidouse na oferta actual de festivais, constituíndo unha referencia de carácter internacional no ámbito do deporte e cultura urbanos. A ampla axenda do festival, que inclúe probas deportivas que puntúan nos respectivos campionatos mundiais xunto cunha destacable oferta musical, artística e cultural, en combinación coa localización privilexiada no porto de Vigo. “O Marisquiño” atópase incluído no programa “Rías Baixas Fest” da Deputación de Pontevedra e no programa “Vigo en Festas 2021”.

V. Que o gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais xunto coa presenza de deportistas de máis de trinta nacionalidades, así como a retransmisión en *streaming* das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, caracterizan “O Marisquiño” como unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, en constante crecemento, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custo como impacto.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2021, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co



**Concello de Vigo**

Concello de Vigo.

VII. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento da XX edición do festival “O Marisquiño 2021” que terá lugar os días 6, 7 e 8 de agosto de 2021 en Vigo.

### **SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€) sen IVE para facer fronte aos gastos relacionados coa XX edición do festival “O Marisquiño”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 21/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

### **TERCEIRO. EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar co seguinte desglose:

<b>ANUALIDADE</b>	<b>TOTAL</b>
2021	180.000,00€

2º. O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa empresa

Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, CIF B36957132, para o festival “O Marisquiño 2021” que se desenvolverá os días 6, 7 e 8 de agosto de 2021 en Vigo. A antedita empresa ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”. A marca atópase debidamente rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas a nome de don Carlos Domínguez Fernández, propietario único de Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.

3º. O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º. A administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

#### **CUARTO. COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Vigo obrígase a:

1. Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a empresa Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, para o festival “O Marisquiño 2021” que se desenvolverá os días 6, 7 e 8 de agosto de 2021 en Vigo. A empresa Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”.
- ☐ Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.
  - ☐ Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.



## Concello de Vigo

- Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refire, prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
  - .Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, para o festival “O Marisquiño 2021”;
  - .Memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
  - .Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
  - .Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
  - .Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
  - .Certificación de pagamento a favor de Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, asinada polo tesoureiro do Concello de Vigo;
  - .Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, de 17 do novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

## **QUINTO. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€), IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 21/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios [Vigo e Pontevedra]).

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, obxecto deste convenio, á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos e, se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00€.

## **SEXTO. PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas á XX Edición de “O Marisquiño”, en todos os formatos, figurarán os logotipos da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival “O Marisquiño 2021”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.



**Concello de Vigo**

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da citada Lei 38/2003.

#### **SÉTIMO. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou/e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

#### **OITAVO. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

#### **NOVENO. VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2021.

#### **DÉCIMO. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º. O acordo unánime dos asinantes.
- 3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o





**Concello de Vigo**

convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º. Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio por parte de Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU.

### **UNDÉCIMO. RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e Control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

#### **Polo Concello de Vigo**

O alcalde-presidente,

Don Abel Caballero Álvarez

#### **Pola Deputación Provincial de Pontevedra**

A presidenta,

Dona María del Carmen Silva Rego

A secretaria,

DONA MARÍA CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

O secretario,

DON CARLOS CUADRADO ROMAY

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(674).- NOMEAMENTO INTERINO OPERARIOS-PEÓNS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 37277/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 27/07/2021, dáse conta do informe-proposta de data 27/07/2021, asinado pola técnico de Admon. Xeral e pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- Con data de sinatura electrónica, se presenta solicitude asinada pola Xefatura do Servizo de Limpeza, coa Conformidade da Concellaría competente, nas que solicitaba con carácter urxente un total de 24 efectivos coa categoría de operarios peóns por un período máximo de seis meses.

II.- En resposta a esta petición, a concelleira competente en materia de persoal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna

III.- Consta informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



**Concello de Vigo**

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dazaoito meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (cod. Retrib. 158 operario peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dazaoito meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.



Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da xefatura de limpeza, así coma na instrución da concellería delegada competente en materia de persoal, de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas

súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

#### IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido que obra no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto supón o seguinte gasto:

#### OPERARIO/A-PEÓN ( 24 POSTOS) Acumulación tarefas

Custo Total Proposta ( 1 posto) // Ano 2021/2022		Periodo - (26-07/2021 a 25-01-2022)- 24 POSTOS – 6 meses
Retribucións totais (1 posto)	23.050,81 €	276.609,72 € (1)
Seguridade Social (1 posto)	7.408,76 €	88.905,12 € (2)
<b>Total</b>	<b>30.459,57 €</b>	<b>365.514,84 € (3)</b>

(1) Da referida cantidade 239.267,41€, corresponde a presente exercicio e, 37.342,31€ ao vindeiro exercicio 2022.

(2) Da referida cantidade 76.902,93€ corresponde a presente exercicio e, 12.002,19€ ao vindeiro exercicio 2022.

(3) Da referida cantidade 316.170,34€, corresponde a presente exercicio e, 49.344,50€ ao vindeiro exercicio 2022.

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2021 e 2022, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

#### V. -Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Operarios/as peóns, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*

*Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Operarios/as peóns por acumulación de tarefas a: A. Cortegoso Salgado con DNI: \*\*\*6413\*\*, a D. Balseiro Rodríguez con DNI: \*\*\*2974\*\*, a L. M. Barrio Rodríguez con DNI: \*\*\*4408\*\*, a O. Ballesteros Vázquez con DNI: \*\*\*5838\*\*, a A. Costas Vázquez con DNI: \*\*\*3118\*\*, a J. A Carrera Ferreira con DI: \*\*\*6122\*\*, a D. De Dios Fernández con DNI: \*\*\*7680\*\*, a P. Dapena Pintos con DNI: \*\*\*6752\*\*, a T. Alonso Vidal con DNI: \*\*\*6403\*\*, a J. Coido Rico con DNI: \*\*\*5671\*\*, a A. Bastero Alvarez con DNI: \*\*\*6042\*\*, a P. Rodríguez Vieitez con DNI: \*\*\*9318\*\*, a E. Alonso Ferreira con DNI: \*\*\*1070\*\*, a O. Carnero Campos con DNI: \*\*\*5784\*\*, a J. Veloso Costas con DNI: \*\*\*9910\*\*, a M. J Sousa Vázquez con DNI: \*\*\*5491\*\*, a B. Calles Alonso con DNI: \*\*\*6532\*\*, a M. Dasilva Rivas con DNI: \*\*\*8217\*\*, a*



## Concello de Vigo

*M. L. Silva Domínguez con DNI: \*\*\*5210\*\*, a M. D. Fernández Fernández con DNI: \*\*\*2381\*\*, a G. Rodríguez Fernández con DNI: \*\*\*5235\*\*, a G. Agulla González con DNI: \*\*\*5769\*\*, a M. C. Miguez Méndez con DNI: \*\*\*2919\*\* e a X. Martínez Otero con DNI: \*\*\*8441\*\* , de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica..”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos segundo o disposto no artigo 10.1 apartados c) e d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 24 funcionarios/as interinos/as, como operarios peóns ao abeiro do exposto no artigo 10.1. d) do TREBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período (6 meses), xustificadas nas necesidades do Servizo de Limpeza e contidas no escrito de data de sinatura electrónica.

En consecuencia, autorizar o gasto por importe de 276.609,72 € (239.267,41€, corresponde a presente exercicio e, 37.342,31 € ao vindeiro exercicio 2022), ao que haberá que engadirse a cantidade de 88.905,12 € (76.902,93€ corresponde a presente exercicio e, 12.002,19 € ao vindeiro exercicio 2022), en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: 365.514,84 € (316.170,34€, corresponde a presente exercicio e, 49.344,50€ ao vindeiro exercicio 2022).

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2021 e 2022, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as como operarios peóns a: A. Cortegoso Salgado con DNI: \*\*\*6413\*\*, a D. Balseiro Rodríguez con DNI: \*\*\*2974\*\*, a L. M. Barrio Rodríguez con DNI: \*\*\*4408\*\*, a O. Ballesteros Vázquez con DNI: \*\*\*5838\*\*, a A. Costas Vázquez con DNI: \*\*\*3118\*\*, a J. A Carrera Ferreira con DI: \*\*\*6122\*\*, a D. De Dios Fernández con DNI: \*\*\*7680\*\*, a P. Dapena Pintos con DNI: \*\*\*6752\*\*, a T. Alonso Vidal con DNI: \*\*\*6403\*\*, a J. Coido Rico con DNI: \*\*\*5671\*\*, a A. Bastero Alvarez con DNI: \*\*\*6042\*\*,

a P. Rodríguez Vieitez con DNI: \*\*\*9318\*\*, a E. Alonso Ferreira con DNI: \*\*\*1070\*\*, a O. Carnero Campos con DNI: \*\*\*5784\*\*, a J. Veloso Costas con DNI: \*\*\*9910\*\*, a M. J Sousa Vázquez con DNI: \*\*\*5491\*\*, a B. Calles Alonso con DNI: \*\*\*6532\*\*, a M. Dasilva Rivas con DNI: \*\*\*8217\*\*, a M. L. Silva Domínguez con DNI: \*\*\*5210\*\*, a M. D. Fernández Fernández con DNI: \*\*\*2381\*\*, a G. Rodríguez Fernández con DNI: \*\*\*5235\*\*, a G. Agulla González con DNI: \*\*\*5769\*\*, a M. C. Miguez Méndez con DNI: \*\*\*2919\*\* e a X. Martínez Otero con DNI: \*\*\*8441\*\* , por acumulación de tarefas, na súa condición de seguinte aspirante nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1. d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto: cod. Retrib. 158 operario-peón, sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Servizo de Igualdade á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(675).- Rogos e preguntas.**

Non se produciron nin rogos nin preguntas.





**Concello de Vigo**

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.